# PROGRAMACIóN

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

DEPARTAMENTO
LINGUA E LITERATURA GALEGA
2020-21

# ÍNDICE


1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN....4
  1.1. INTRODUCIÓN....4
  1.2. CONTEXTUALIZACIÓN....4
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIAS CLAVE INDICADORES DESCRITORES....5
3. OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA....7
4. NIVEIS EDUCATIVOS....8
  4. 1. 1º ESO....8
    4.1.1. OBXECTIVOS....8
    4.1.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE....9
    4.1.3. AVALIACIÓN....17
    A) CRITERIOS XERAIS....17
    B) INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN....18
    C) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN....18
    D) AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA....20
    4.1.4. PROMOCIÓN....21
  4. 2. 2º ESO....21
    4.2.1. OBXECTIVOS....21
    4.2.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. RELACIÓN COASXERAIS COMPETENCIAS CLAVE ....22
    4.2.3. AVALIACIÓN....33
    A) CRITERIOS
    B) INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN....35
    C) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN....37
    D) AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA....37
    F) AVALIACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE....37
    4.2.4. PROMOCIÓN....37
  4. 3. 3º ESO....37
    4.3.1. OBXECTIVOS....37
    4.3.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE....38
    4.3.3. AVALIACIÓN....43
    A) CRITERIOS XERAIS....44
    B) INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN....44
    C) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN....45
    D) AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA....47
    E) AVALIACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE....47
    4.1.4. PROMOCIÓN....48
  4. 4. 4º ESO....48
    4.4.1. OBXECTIVOS....48
    4.4.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE....50
    4.1.3. AVALIACIÓN....55
    A) CRITERIOS XERAIS....56
    B) INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN....56

C) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN....57
D) AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA....59
F) AVALIACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE....59
4.1.4. PROMOCIÓN E TITULACIÓN....60
4. 5. 1º BACH....60
4.5.1. OBXECTIVOS....60
4.5.2. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS....63
4.5.3. CONTIDOS....64
4.5.3.1. CONTIDOS SECUENCIADOS POR UNIDADES....64
4.5.3.2. CONTIDOS SECUENCIADOS POR BLOQUES DE CONTIDOS....68
4.5.4. TEMPORALIZACIÓN....69
4.5.5. AVALIACIÓN....69
4.5.5.1. CONCRECIÓN DOS CRITERIOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES....74
4.5.5.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN....74
4.5.5.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN....75
A) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS....75
B) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIOS....77
4.5.5.4. NOTAS FINAIS AVALIACIÓN ORDINARIA - XUÑO....77
4.5.5.5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA - SETEMBRO....77
4.5.6. PROMOCIÓN....77
4. 6. 2º BACH....77
4.6.1. OBXECTIVOS....77
4.6.2. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN....78
4.6.3. AVALIACIÓN....80
4.6.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES....80
4.6.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARESDE E APRENDIZAXE AVALAIBLES....82
4.6.3.3 INSTRUMENTOS DE AVALIACÓN....85
A) INSTRUMENTOS ORDINARIOS....85
B) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIOS....86
4.6.3.4. NOTAS FINAIS AVALIACIÓN ORDINARIA – XUÑO....86
4.6.3.5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA....86
4.6.3.6. AVALIACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 1º BACH....87
4.7. CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA NAS AVALIACIÓNS....87
5. METODOLOXÍA....87
5.1. CRITERIOS METODOLÓXICOS....88
6. CONTIDOS TRANSVERSAIS....88
7. EPÍGRAFE COVID....89
8. TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA E DAS TIC....90
9. RECURSOS DIDÁCTICOS E MATERIAIS CURRICULARES....92

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN....93
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS OU EXTRAESCOLARES....94
12. COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO....95
13. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA....95

# 1.INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1. INTRODUCIÓN

A presente programación do Departamento de Lingua Galega e Literatura realízase tendo en conta as directrices xerais para todas as etapas e niveis elaboradas pola C.C.P. e así mesmo, téñense en conta as diferenzas entre os contidos que se pretendían impartir e os que finalmente se impartiron, e que aparecen recollidos na memoria do curso 2019– 2020.

Para elaborala, tivemos en conta a lexislación do DOG, na que se recolle que a área de lingua galega e literatura na ESO e no Bacharelato se orienta tanto á aprendizaxe instrumental do idioma como á comprensión da realidade lingüística de Galicia, co obxecto de desenvolver nos escolares, ademais do uso correcto, unha actitude de aprezo cara á lingua galega e a súa aceptación social.

A lingua é unha das ferramentas fundamentais que o alumnado vai utilizar para relacionarse na sociedade, para adquirir novos coñecementos e entender a realidade, para analizar críticamente a información, para xerar e difundir ideas ou opinións e mais para expresar a súa afectividade e regular as emocións.

O estudo da literatura pode e debe ser abordado desde diferentes perspectivas. En concreto, debe contribuír á capacitación comunicativa do alumnado ao fornecerlle modelos de lingua apropiados e creativos en que prima a dimensión estética, pero tamén se erixe como fonte de pracer e de enriquecemento persoal e como manifestación dunha cultura diferenciada.

Convén buscar a maneira de rendibilizar os coñecementos lingüísticos e literarios que ten o alumnado, aproveitando todos os contidos adquiridos nunha das materias para a aprendizaxe das outras. Unha proposta didáctica integradora das distintas linguas do centro asegura a transferencia de saberes entre elas.

## 1.2.CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Allariz, situado na vila do mesmo nome, é un centro semiurbano de liña 2 con un alumnado fundamentalmente castelán falante que provén da propia vila e dos arredores, aínda que se observa que o alumnado procedente do CEIP de Xunqueira de Ambía mostra unha maior tendencia a manter como lingua habitual maioritaria o galego.

Neste curso 2020-21 contamos con:

- **1º ESO:** Tres grupos de Lingua galega e Literatura. Total 12 horas.
- **2º ESO:** Tres grupos de Lingua galega e Literatura. Total 9 horas.
- **3º ESO:** Dous grupos de Lingua galega e Literatura de *Académicas* e un grupo de *Aplicadas*. Total 9 horas.
- **4º ESO:** Dous grupos de Lingua galega e Literatura de *Académicas* e un grupo de *Aplicadas*. Total 9 horas.

- **1º BACH:** Dous grupos de Lingua galega e Literatura. Total 6 horas.
- **2º BACH:** Dous grupos de Lingua galega e Literatura. Total 6 horas.

Nos últimos cursos viuse incrementado o número de alumnado con Exención de galego tanto na ESO coma en BACH, debido, entre outros factores, ao aumento cada vez maior do retrorno de algunhas familias emigrantes, así como outras que se establecen na vila por motivos laborais.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIAS CLAVE INDICADORES DESCRITORES

- **Descrición do modelo competencial.Comunicación lingüística (CCL)**

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderiamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, e dado que se explicitan nas unidades segundo a relevancia que teñen en cada unha delas, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.

Destacamos, pois, os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor…
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

- **Competencia dixital (CD)**

A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un piar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia.

Traballamos, por tanto, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

O adestramento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor é de vital importancia en calquera contexto educativo porque favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Os descritores que priorizaremos son:

- Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

➢ **Aprender a aprender (CAA)**

A competencia pódese desenvolver na área fomentando tarefas que permitan que o alumno ou a alumna se recoñeza a si mesmo/-a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, Lingua Galega e Literatura préstase especialmente a iso, xa que é unha área que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

Trabállanse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas…
- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

A concreción das COMPETENCIAS CLAVE para cada curso farase en cada unha das unidades programadas máis adiante.

## 3. OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Para os obxectivos xerais da área de Lingua Galega e Literatura para a Educación Secundaria Obrigatoria remitímonos aos marcados no Decreto 133/2007 e no Decreto 86/2015 e para os de Bacharelato remitímonos ao Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro.

# 4. NIVEIS EDUCATIVOS

## 4. 1. <u>1º ESO</u>

### 4.1.1. OBXECTIVOS

- Comprender en que consiste o proceso comunicativo e diferenzar os elementos que interveñen nel.
- Coñecer como está organizado o léxico e distinguir entre o campo semántico e a familia léxica.
- Identificar clases de palabras e diferenciar as súas partes.
- Recoñecer o alfabeto e diferenciar entre sons, letras e dígrafos.
- Coñecer as principais etapas da historia da literatura galega.
- Identificar, recoñecer e redactar os diferentes tipos de textos.
- Coñecer e ampliar vocabulario e saber usalo en producións propias.
- Coñecer e dominar as regras gramaticais de xénero e número.
- Distinguir as sílabas nas palabras, diferenciando ditongos de hiatos, e clasificalas segundo a acentuación.
- Coñecer e identificar os xéneros literarios, así como as súas características.
- Expresar, oralmente ou por escrito, as propias ideas de xeito coherente e argumentádoas correctamente.
- Coñecer e saber aplicar as regras de acentuación xeral e diacrítica.
- Coñecer e valorar a literatura de tradición oral.
- Recoñecer e saber elaborar instrucións claras e precisas.
- Identificar o verbo como clase de palabra, comprender a información que nos fornece e saber conxugalo, así como diferenciar entre verbos regulares e irregulares.
- Aprender as regras de ortografía en especial palabras que conteñen *h*, b/v, r/rr, s/x, n/ñ, c/z, etc...
- Comprender as diferenzas entre a preposición e a conxunción.
- Identificar os tipos de diálogo e diferenciar entre o estilo directo e indirecto.
- Distinguir oracións e recoñecer as súas partes.
- Ser conscientes da pluralidade cultural e a diversidade lingüística existente no mundo e coñecer a situación actual do galego
- Comprender e coñecer as diferentes etapas de evolución da lingua galega.

### 4.1.2. VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| D E<br>H B<br>F | - Lectura: texto narrativo.<br>-Os textos segundo o seu ámbito de uso. Os textos persoais.<br>- Os textos literarios.<br>- Os elementos da narración: espazo e tempo.<br>- A estrutura dos textos narrativos. | B1.1<br>B.1.2<br>B2.1<br>B2.12<br>B3.10 | LGB1.1.1<br>LGB1.1.2<br>LGB1.2.1<br>LGB2.1.1<br>LGB2.1.3<br>LGB2.12.1<br>LGB3.10.1 | CCL<br>CCEC<br>CSIEE<br>CAA |
| B E L | -Uso do dicionario.<br>- Vocabulario relacionado con: o dormitorio, a familia, a aula e a rúa. | B3.1 | LGB3.1.1 | CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| D E G H N | - Creación literaria: o comezo dun texto narrativo.<br>- Traballo con textos: a prensa.<br>- Creación literaria: recreación de contos. | B3. 6<br>B3. 7 | LGB3.6. 1<br>LGB3.7. 1 | CCL | -Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: narrador e personaxes.<br>-Escribe o comezo dun texto narrativo seguindo unhas pautas dadas.<br>-Identifica as partes dun xornal e analiza unha noticia.<br>-Introduce un cambio de xiro nun conto dado e cambia o final. |
| B E L | - Morfoloxía das palabras e clases de palabras segundo a súa estrutura.<br>-O alfabeto.<br>- O campo semántico.<br>- Clasificación dos substantivos.<br>- Regras de formación do plural.<br>-Xénero do substantivo<br>- Regras de formación do feminino<br>- Clasificación de palabras segundo o seu número de sílabas e segundo a | B3.2 | LGB3.2. 1<br>LGB3.2. 2 | CCL | - Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas.<br>- Recoñece as distintas clases de palabras.<br>-Coñece o alfabeto galego e identifica os dígrafos.<br>-Comprende que é un campo semántico.<br>-Identifica os substantivos comúns e propios, concretos e abstractos, individuais e colectivos.<br>-Forma o plural de substantivos dados.<br>-Clasifica as palabras polo número de sílabas.<br>-Distingue sílabas tónicas e átonas.<br>-Identifica e analiza ditongos e hiatos. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | posición da sílaba tónica.<br>- Ditongos e hiatos.<br>-Os sinónimos.<br>- Regras xerais de acentuación.<br>- Palabras | | | | -Lembra e practica a relación de sinonimia.<br>-Indica o xénero dalgúns substantivos.<br>-Coñece as regras de formación do |
| | polisémicas.<br>- O adxectivo cualificativo: xénero, número e graos. | | | | feminino dos substantivos.<br>-Aplica correctamente na práctica as |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | - Regras especiais de acentuación. | | | | regras xerais de acentuación.<br>-Analiza os significados de palabras polisémicas.<br>-Recoñece os adxectivos cualificativos e forma o feminino e o plural de adxectivos dados.<br>-Realiza comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas.<br>-Coñece e aplica correctamente regras específicas de acentuación. |
| B<br>E<br>L | - As linguas do mundo.<br>- As linguas de Europa.<br>- As linguas de España.<br>- O galego: lingua propia de Galicia. | B3.2<br>B3.3 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2<br>LGB3.3.1<br>LGB3.3.2 | CCL<br>CCEC<br>CSC | -Valora a riqueza das linguas.<br>- Identifica algunhas linguas de Europa e a súa situación.<br>-Identifica as linguas da península Ibérica e coñece a lusofonía.<br>-Coñece a lexislación sobre o galego. |

**TEMAS 5,**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE | |
|---|---|---|---|---|---|
| D E<br>H B<br>F | - Lectura: textos narrativos e contos.<br>-Os textos | B1.1<br>B.1.2<br>B2.1<br>B2.12<br>B3.10 | LGB1.1.1<br>LGB1.1.2<br>LGB1.2.1<br>LGB2.1.1<br>LGB2.1.3 | CCL CCEC<br>CSIEE<br>CAA | |
| | expositivos<br>- A descrición.<br>- Os textos literarios.<br>- O conto.<br>- A lenda.<br>- Os poemas. | | LGB2.12.1<br>LGB3.10.1 | | -Escribe textos expositivos.<br>-Diferencia tipos de textos narrativos.<br>-Recoñece as peculiaridades dun conto e dunha lenda.<br>-Identifica a estrutura dos contos e das lendas. |
| B<br>E<br>L | - Vocabulario: o corpo humano, os sentidos, os animais e as formas de ser. | B3.1 | LGB3.1.1 | CCL | - Crea antónimos.<br>- Distingue palabras homónimas.<br>-Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.<br>-Amplía o vocabulario básico relacionado co corpo, os sentidos, os animais e as formas de ser. |
| D<br>E<br>G<br>H<br>N | - Creación literaria dun poema.<br>- Traballo con textos: a descrición e a exposición. | B3.6<br>B3.7 | LGB3.6.1<br>LGB3.7.1 | CCL | -Analiza nun texto poético algúns dos seus trazos básicos: versos, rima…<br>-Identifica as descricións e exposicións.<br>-Crea textos |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | expositivos e descricións.<br>-Crea poemas. |
| B<br><br>E<br>L | - Clasificación dos determinantes.<br>- Os pronomes.<br>- Uso de grafías: i, ll, x, b, v, es-, ex, h.<br>-A s relacións semánticas: antonimia, homonimia.<br>-Os sufixos. | B3.2 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2 | CCL | - Recoñece as distintas clases de determinantes.<br><br>-Distingue pronomes tónicos e átonos.<br>-Coñece e aplica as regras ortográficas para usar ben as grafías.<br>-Analiza os significados de |
| | | | | | palabras antónimas.<br>-Distingue e recoñece palabras homónimas.<br>-Crea palabras novas através da sufixación. |
| B<br><br>E<br>L | - As variedades do galego.<br>- O galego: lingua útil, de internet e do mundo. | B3.2<br>B3.3 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2<br>LGB3.3.1<br>LGB3.3.2 | CCL<br>CCEC<br>CSC | -Valora a riqueza das linguas especialmente o galego.<br>- Identifica algunhas variedades do galego.<br>-Coñece a lexislación sobre o galego. |
| **3ª AVALIACIÓN. TEMAS 9, 10, 11, 12** | | | | | |
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓ** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS CLAVE** | **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **N** | | | **DE CADA ESTÁNDAR** |
| D<br><br>E<br>H<br><br>B<br>F | - Lectura: textos narrativos.<br>- Os textos instrutivos.<br>- As carácter-isticas da poesía.<br>-A publicidade | B1.1<br>B.1.2<br>B2.1<br>B2.12<br>B3.10 | LGB1.1.1<br>LGB1.1.2<br>LGB1.2.1<br>LGB2.1.1<br>LGB2.1.3<br>LGB2.12.1<br>LGB3.10.1 | CCL<br>CCEC<br>CSIEE<br>CAA | -Le con fluidez e atención distintos tipos de textos narrativos e coméntaos seguindo uns criterios dados.<br>-Distingue diversos tipos de textos.<br>-Recoñece e diferencia textos instrutivos.<br>-Produce textos instrutivos.<br>-Recoñece as peculiaridades da linguaxe publicitaria.<br>- Elabora anuncios.<br>-Identifica as características dun texto poético. |
| B<br><br>E<br>L | - Vocabulario relacionado con: seres vivos, a festa, a comida, o deporte e a saúde | B3.1 | LGB3.1.1 | CCL | -Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.<br>-Amplía o vocabulario básico relacionado co s seres vivos, a comida, o deporte e a saúde. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| D E G H N | - Creación literaria: os poemas e o teatro.<br>- Traballo con textos: o cómic. | B3.6<br>B3.7 | LGB3.6.1<br>LGB3.7.1 | CCL | -Analiza nun texto poético algúns dos seus elementos básicos: rima, recursos, métrica...<br>-Crea un poema seguindo unhas pautas marcadas.<br>-Identifica as partes dunha instrucción (receita...).<br>-Recoñece as características dun texto dramático.<br>-Le con fluidez poemas e textos teatrais. |
| B E L | - Gramática: o verbo, o adverbio, preposicións e conxuncións.<br>-Creación de palabras: a derivación e a composición.<br>-Castelanismos e préstamos.<br>- Uso de maiúsculas.<br>- Signos de puntuación. | B3.2 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2 | CCL | -Recoñece e distingue verbos regulares de irregulares.<br>-Conxuga verbos e úsaos correctamente en todos os contextos.<br>-Entende e diferenza os recursos de formación de palabras.<br>-Amplia o seu vocabulario creando novas palabras.<br>- Recoñece e distingue tipos de adverbios.<br>-Usa correctamente os conectores.<br>-Comprende as regras de uso das maiúsculas e aplícaas correctamente. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | -Diferenza os signos de puntuación e aplica as regras na produción de textos propios. |
| B<br><br>E<br>L | - Os prexuízos linguísticos.<br>- Actitudes lingüísticas.<br>- Posta en valor da lingua propia. | B3.2<br>B3.3 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2<br>LGB3.3.1<br>LGB3.3.2 | CCL<br>CCEC<br>CSC | -Entende e distingue os prexuízos lingüísticos.<br>-Valora o galego e fomenta o seu uso en todos os contextos.<br><br>- Desbota actitudes de marxinalización das linguas minoritarias. |

No cadro anterior, no apartado CRITERIOS DE AVALIACIÓN, o Bloque 1 (B.1) corresponde a Comunicación oral: escoitar e falar. O B2 a Comunicación escrita: ler e escribir. O B3 a Funcionamento da lingua. O B4 a Lingua e sociedade; e por último, o B5 a Educación literaria.

En canto á **temporalización**, cada unha das tres avaliacións será o referente temporal amplo a considerar, de tal xeito que se faga corresponder cada unha das avaliacións co desenvolvemento de catro unidades. Non obstante, haberá que adecuar o ritmo ao alumnado e, se se considera pertinente, o profesorado seleccionará os contidos e materiais máis significativos de cada unha das unidades. No Agrupamento específico é especialmente importante a adaptación ao ritmo do alumnado.

### 4.1.3. AVALIACIÓN

#### 1.3.A) CRITERIOS XERAIS

A avaliación entenderase como un proceso continuo, no que se terá en conta o punto de partida da aprendizaxe. Non só será continua, tamén será globalizadora. Isto implica que se considerarán os contidos conceptuais e tamén os procedementais e actitudinais, e sobre todo o avance no proceso de adquisición das competencias.

O proceso avaliador será transparente, de tal xeito que o alumnado coñeza perfectamente os erros e acertos, tanto nas actividades como nas probas escritas, así como a puntuación. Tamén se lle explicarán, ao comezo de curso, os criterios e instrumentos de avaliación que serán aplicados.

Ningún alumno que amose unha actitude activa e positiva cara á materia e que acade unha competencia comunicativa aceptable debería ser avaliado negativamente. A actitude avaliarase a

través dos contidos procedementais e actitudinais por medio dos instrumentos de avaliación que se expoñen.

### 1.3.B) INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas; para iso, é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Propoñemos aquí algunhas ferramentas para a avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Unhas serán para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica, outras para o desenvolvemento común de competencias.

1. **Traballo diario ( total 10%)**

O labor fundamental do profesorado é a observación e o control do traballo diario do alumnado mediante:

- Preguntas frecuentes na aula.
- Seguimento do caderno de cada alumn@.
- Control de asistencia e puntualidade.
- Observación do grao de participación na clase.
- Participación activa ante a materia en lingua galega.
- Recollida de traballos escritos.
-Utilización de ferramentas dixitais (busca de información, uso de dicionarios...)

Deste xeito o profesor e/ou profesora observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes do alumnado e poderá atendelos axeitadamente.

2. **Probas específicas ( 60% + 10% + 20% = 90%)**

As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, sen que representen unha dificultade insalvable para o alumnado que traballou a cotío. Mínimo cada trimestre faranse:

- 2 controis escritos (unha proba cada 2 unidades impartidas, total 60%)
- 1 control ou exposicións orais (total 10%)
- 1 control de lectura escrito ou oral ( total 20%)

3. **Tarefas puntuais extraordinarias ( total 10%)**

Consideramos instrumentos de avaliación extraordinarios aqueles que se sumarán á nota global por participación en traballos voluntarios ou actividades polo Departamento de Galego, EDL, equipo de biblioteca, etc., como poden ser participación na revista do centro, radio, club de lectura,blog....

Sumarase **1 punto como máximo** por avaliación neste apartado.

A extensión das probas será variable, segundo o instrumento a utilizar e a materia a avaliar.

No caso de que o control do traballo diario non poida facerse na aula por causas de forza maior (enfermidade, accidente…), a avaliación d@ alumn@ farase por outros medios. Se é posíbel que poida manter o contacto co profesorado e traballar na casa, ambos poñeranse de acordo para

establecer un método de traballo. O método elixido permitirá ó profesor/a dar indicacións ao alumn@ sobre temas concretos coa axuda do libro de texto e formular as tarefas e os traballos que considere oportunos. Ademais, permitirá ao alumno@ realizar ditas tarefas e envialas periodicamente ao profesorado, para que este as poida corrixir e observar as dificultades, avances ou erros que poida ter e resolvelos axeitadamente e coa maior rapidez posíble.Tamén se arbitrarán probas específicas sobre os contidos, que se realizarán no centro ou na casa do propio alumno/a.
Se todo o mencionado anteriormente non é factíble, haberá que pensar na realización dunha proba única ao final do curso. Esta proba coincidirá no tempo e na forma coa proba final que realicen as compañeiras e compañeiros do seu grupo.

### 1.3.C) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN |
|---|---|
| PROBAS ESCRITAS (2 cada 2 unidades) | 60 % |
| PROBAS ORAIS | 10% |
| Lectura obrigatoria: **Trece anos de Branca,** A. Fernández Paz, Xerais | 20% |
| Traballo diario na aula e deberes da casa: | 10% |

<u>As lecturas obrigatorias do segundo e terceiro trimestre están por determinar, figurarán no libro de actas do departamento.</u>

**A. Probas escritas e/ou orais: 80 % (60% + 20%)**
Con carácter xeral, realizaranse tres probas escritas por trimestre, que poderían ser orais se así o requirisen as necesidades do alumnado e/ou do grupo. Cada proba valorarase de 1 a 10 puntos, podendo expresarse ata un decimal. Cada pregunta levará ao lado o valor que puntúa (peso de cada estándar de consecución do grao mínimo). A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas diferentes probas, dúas delas corresponderanse cos contidos explicados e a terceira será sobre a **lectura obrigatoria** dun libro.

A obtención de menos de **3 puntos** nalgunha das probas realizadas ou de **menos de 4 na media** de todas elas suporá automaticamente o suspenso na avaliación. O alumnado que non se presente a unha das probas ou a ambas e non o xustifique axeitadamente, non se lle repetirá e a media neste apartado calcularase coas cualificacións das probas realizadas, podendo logo recuperar no exame final de xuño.
As respostas ás probas deberán estar sempre redactadas de maneira correcta, adecuada e persoal, reservándose unha porcentaxe de cada pregunta para a valoración de aspectos lingüísticos como a precisión, fluidez, riqueza expresiva, organización das ideas ou utilización dos mecanismos de cohesión necesarios (xa que as incorreccións se restarán da nota final).

**B. Traballos de clase e deberes: 10 %**

A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto e** sumaráse á nota do apartado A**.**
Cada docente decidirá e comunicará ao seu alumnado a distribución e os criterios concretos para cualificalo.
Na valoración dos **traballos** terase en conta, en diferentes proporcións segundo a natureza do exercicio e o curso: o cumprimento dos requisitos establecidos, a presentación, a corrección, a organización dos contidos e a relación entre eles, a adecuación ao tipo de texto, a calidade dos contidos, ademais dos requisitos específicos que establezca @ profesor/a para cada un (como xa se dixo, as incorreccciónss serán puntuadas de maneira independente). Evidentemente, os traballos deberán estar sempre redactados polos propi@s alumn@s, non permitíndose, nin sequera parcialmente, a copia literal doutros textos (a non ser que se trate dunha cita pertinente, xustificada, e citando a fonte) ou a entrega de traballos redactados, total ou parcialmente, por outra persoa. O docente poderá requerir ao alumnado explicacións orais para comprobar este punto, e o intento de copia ou engano será penalizado con unha nota de 0 puntos neste apartado para esa avaliación.
O **caderno,** dadas as circunstancias provocadas pola pandemia, non pode ser requerido para a súa valoración, mais si a corrección oral atendendo a criterios como: calidade dos exercicios realizados e dos contidos; posta ao día (debe estar sempre actualizado); toma de notas (irase valorando progresivamente en cada curso a autonomía do alumnado para anotar o que necesite das explicacións ou corrección de exercicios) ou a redacción.
A non realización de **tarefas ou deberes** poderá restar neste apartado na medida decidida por cada docente.

**C. Oralidade: 10 %**

Á parte das probas orais individuais e/ou por grupos, o Departamento establece a esixencia do uso da lingua galega como lingua vehicular das sesións, tanto en intervencións planificadas como en informais. O incumprimento do anterior, e con finalidade didáctica e práctica, traerá consigo unha sanción na cualificación da materia, que poderá chegar a supoñer o desconto de ata **1 punto** na nota global do trimestre.

➢ **Ortografía e incorreccións gramaticais:**

En todas as probas e exercicios restarase entre **0,1** e **0,05** por cada falta de ortografía ou incorrección léxica ou gramatical, dependendo da gravidade da falta cometida ata un máximo de 1 punto
Para calcular a **nota final** da convocatoria ordinaria de xuño farase a media das tres avaliacións, sendo preciso un mínimo de **5** para quedar a materia superada.

➢ **<u>Sistema de recuperación:</u>** O alumnado que teña algunha avaliación suspensa pero ao calcular a media das tres acade un mínimo de 5 terá aprobada a materia. **Se hai algunha avalaciación con unha nota igual ou inferior a 2 non poderá facer media e deberá ir á recuperación.**
Para recuperar **exames de lectura** cada docente dará indicacións dependendo dos resultados da

súa avaliación.

No mes de xuño haberá unha proba escrita global con preguntas sobre os contidos mínimos dos tres trimestres tendo que acadar un mínimo de un **4** para poder sumar a nota dos apartados B e C, se sumando os tres acada unha nota igual ou superior a **5** quedará a materia aprobada.

#### 1.3.D) AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA

A nota final da **avaliación ordinaria** será a media ponderada das tres avaliacións.

**Proba de setembro.** Será unha proba global na que haberá que acadar un 5 para aprobar. O profesorado pode requerir traballos para ser revisados, igual que as actividades de recuperación propostas para a súa corrección vía telemática, se o estima oportuno.

### 4.1.4. PROMOCIÓN

O alumnado que acade os obxectivos mínimos propostos para este curso e chegue polo tanto á nota media final de un 5, superará positivamente a materia en xuño ou en setembro. De non ser así fica suspensa e de pasar para o seguinte curso terá que superala. Vid apartado de avaliación da materia pendente no seguinte curso.

## 4. 2. <u>2º ESO</u>

### 4.2.1. OBXECTIVOS

- Comprender, interpretar e resumir o sentido global das mensaxes orais en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- Escoitar con interese e respecto as intervencións orais, respectando as normas de cortesía.
- Producir discursos breves e comprensibles, adecuados á situación e á intención comunicativa, coherentes e ben organizados, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e académica.
- Ler de maneira comprensiva e interpretar textos escritos en distintos ámbitos e con diferentes intencións comunicativas.
- Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información, consultar modelos de composición escrita e solucionar dúbidas de traballo.
- Ler en voz alta coa dicción adecuada e respectando os patróns fonéticos do galego.
- Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá, das relacións sociais ou do ámbito académico, con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
- Coñecer e utilizar un léxico amplo e preciso.
- Coñecer e utilizar adecuadamente a fonética do galego.
- Utilizar os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes para resolver

dúbidas e progresar na aprendizaxe autónoma.

- Aplicar correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
- Coñecer e utilizar as categorías gramaticais básicas para mellorar a creación e a comprensión de textos.
- Identificar e explicar as funcións oracionais e as unidades que as desempeñan.
- Coñecer e utilizar os conectores textuais e as regras de concordancia para dar cohesión aos textos.
- Diferenciar as distintas clases de oracións segundo a intención do emisor.
- Desenvolver unha competencia comunicativa integrada a partir do coñecemento das linguas.
- Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia, a partir do seu contorno familiar e o do resto do alumnado, valorando a importancia de contribuír ao proceso de normalización da lingua.
- Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- Recoñecer e valorar as variantes xeográficas do galego, rexeitando prexuízos lingüísticos.
- Diferenciar os textos non literarios dos literarios, e nestes últimos, identificar os tres grandes xéneros.
- Ler de maneira comprensiva, expresiva ou dramatizada textos de distintos xéneros, relacionándoos coa súa experiencia propia e expoñendo a súa opinión.
- Escribir textos sinxelos con intención estética, utilizando os coñecementos literarios adquiridos.
- Describir os trazos que caracterizan o cómic e a canción como linguaxes artísticas.
- Coñecer e aplicar as estratexias de autoavaliación, recoñecendo os erros nas súas producións.

## · VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES. RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE.

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| D<br><br>E<br>H<br><br>B<br>F | - Lectura: texto narrativo.<br>-Os textos segundo o seu ámbito de uso. Os textos persoais.<br>- Os textos literarios.<br>- Os elementos da narración: espazo e tempo.<br>- A estrutura dos textos narrativos. | B1.1<br>B.1.2<br>B2.1<br>B2.12<br>B3.10 | LGB1.1.1<br>LGB1.1.2<br>LGB1.2.1<br>LGB2.1.1<br>LGB2.1.3<br>LGB2.12.1<br>LGB3.10.1 | CCL<br>CCEC<br>CSIEE<br>CAA | -Le con fluidez e atención un texto narrativo e e coméntao seguindo uns criterios dados.<br>-Distingue diversos tipos de textos, segundo a situación en que se usen.<br>-Escribe textos de carácter persoal.<br>-Diferencia textos literarios e textos non literarios.<br>-Recoñece as peculiaridades dun texto literario dado e identifica o xénero ao que pertence.<br>- Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: espazo e tempo.<br>-Identifica a estrutura dun texto narrativo. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| B<br><br>E<br>L | -Uso do dicionario.<br>- Vocabulario relacionado con: o dormitorio, a familia, a aula e a rúa. | B3.1 | LGB3.1.1 | CCL | -Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.<br>-Amplía o vocabulario básico relacionado co dormitorio, a familia,<br>a aula e a rúa. |
| D<br>E<br>G<br>H | - Creación literaria:<br>o comezo dun texto narrativo. | B3.6<br>B3.7 | LGB3.6.1<br>LGB3.7.1 | CCL | -Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: |
| N | - Traballo con textos: a prensa.<br>- Creación literaria: recreación de contos. | | | | narrador e personaxes.<br>-Escribe o comezo dun texto narrativo seguindo unhas pautas dadas.<br>-Identifica as partes dun xornal e analiza unha noticia.<br>-Introduce un cambio de xiro nun conto dado e cambia o final. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| B<br><br>E<br>L | - Morfoloxía das palabras e clases de palabras segundo a súa estrutura.<br>-O alfabeto.<br>- O campo semántico.<br>- Clasifica-ción dos substantivos.<br>- Regras de formación do plural.<br>-Xénero do substantivo<br>- Regras de formación do feminino<br>- Clasificación de palabras segundo o seu número de sílabas e segundo a posición da sílaba tónica. | B3.2 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2 | CCL | - Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas.<br>- Recoñece as distintas clases de palabras.<br>-Coñece o alfabeto galego e identifica os dígrafos.<br>-Comprende que é un campo semántico.<br>-Identifica os substantivos comúns e propios, concretos e abstractos, individuais e colectivos.<br>-Forma o plural de substantivos dados.<br>-Clasifica as palabras polo número de sílabas.<br>-Distingue sílabas tónicas e átonas.<br>-Identifica e analiza ditongos e hiatos. |
| | - Ditongos e hiatos.<br>-Os sinónimos. | | | | -Lembra e practica a relación de |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | - Regras xerais de acentuación.<br>- Palabras polisémicas.<br>- O adxectivo cualificativo: xénero, número e graos.<br>- Regras especiais de acentuación. | | | | sinonimia.<br>-Indica o xénero dalgúns substantivos.<br>-Coñece as regras de formación do feminino dos substantivos.<br>-Aplica correctamente na práctica as regras xerais de acentuación.<br>-Analiza os significados de palabras polisémicas.<br>-Recoñece os adxectivos cualificativos e forma o feminino e o plural de adxectivos dados.<br>-Realiza comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas.<br>-Coñece e aplica correctamente regras específicas de acentuación. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| B<br>E<br>L | - As linguas do mundo.<br>- As linguas de Europa.<br>- As linguas de España.<br>- O galego: | B3.2<br>B3.3 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2<br>LGB3.3.1<br>LGB3.3.2 | CCL<br>CCEC<br>CSC | -Valora a riqueza das linguas.<br>- Identifica algunhas linguas de Europa e a súa situación.<br>-Identifica as linguas da península |
| | lingua propia de Galicia. | | | | Ibérica e coñece a lusofonía.<br>-Coñece a lexislación sobre o galego. |

**TEMAS 5,**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|---|---|---|
| D E<br>H B<br>F | - Lectura: textos narrativos e contos.<br>-Os textos expositivos<br>- A descrición.<br>- Os textos literarios.<br>- O conto.<br>- A lenda.<br>- Os poemas. | B1.1<br>B.1.2<br>B2.1<br>B2.12<br>B3.10 | LGB1.1.1<br>LGB1.1.2<br>LGB1.2.1<br>LGB2.1.1<br>LGB2.1.3<br>LGB2.12.1<br>LGB3.10.1 | CCL CCEC<br>CSIEE<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| B E L | - Vocabulario: o corpo humano, os sentidos, os animais e as formas de ser. | B3.1 | LGB3.1.1 | CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| D E G<br><br>H N | - Creación literaria dun poema.<br>- Traballo con textos: a descrición e a exposición. | B3.6<br>B3.7 | LGB3.6.1<br>LGB3.7.1 | CCL | -Analiza nun texto poético algúns dos seus trazos básicos: versos, rima...<br>-Identifica as descricións e exposicións.<br>-Crea textos expositivos e descricións.<br>-Crea poemas. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| B<br><br>E<br>L | - Clasifica-ción dos determinantes.<br>- Os pronomes.<br>- Uso de grafías: i, ll, x, b, v, es-, ex, h.<br>-A s relacións semánticas: antonimia, homonimia.<br>-Os sufixos. | B3.2 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2 | CCL | - Recoñece as distintas clases de determinantes.<br><br>-Distingue pronomes tónicos e átonos.<br>-Coñece e aplica as regras ortográficas para usar ben as grafías.<br>-Analiza os significados de palabras antónimas.<br>-Distingue e recoñece palabras homónimas.<br>-Crea palabras novas através da sufixación. |
| B<br><br>E<br>L | - As variedades do galego.<br>- O galego: lingua útil, de internet e do mundo. | B3.2<br>B3.3 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2<br>LGB3.3.1<br>LGB3.3.2 | CCL<br>CCEC<br>CSC | -Valora a riqueza das linguas especialmente o galego.<br>- Identifica algunhas variedades do galego.<br>-Coñece a lexislación sobre o galego. |

| | TEMAS 9, | | | |
|---|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| D E<br>H B<br>F | - Lectura: textos narrativos.<br>- Os textos instrutivos.<br>- As carácter-isticas da poesía.<br>-A publicidade | B1.1<br>B.1.2<br>B2.1<br>B2.12<br>B3.10 | LGB1.1.1<br>LGB1.1.2<br>LGB1.2.1<br>LGB2.1.1<br>LGB2.1.3<br>LGB2.12.1<br>LGB3.10.1 | CCL CCEC<br>CSIEE<br>CAA |
| B E L | - Vocabulario relacionado con: seres vivos, a festa, a comida, o deporte e a saúde | B3.1 | LGB3.1.1 | CCL |
| D E<br>G H<br>N | - Creación literaria: os poemas e o teatro.<br>- Traballo con | B3.6<br>B3.7 | LGB3.6.1<br>LGB3.7.1 | CCL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | textos: o cómic. | | | | seguindo unhas pautas marcadas.<br>-Identifica as partes dunha instrucción (receita…).<br>-Recoñece as características dun texto dramático.<br>-Le con fluidez poemas e textos teatrais. |
| B<br><br>E<br>L | - Gramática: o verbo, o adverbio, preposicións e conxuncións.<br>-Creación de palabras: a derivación e a composición.<br>-Castelanismos e préstamos.<br>- Uso de maiúsculas.<br>- Signos de puntuación. | B3.2 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2 | CCL | -Recoñece e distingue verbos regulares de irregulares.<br>-Conxuga verbos e úsaos correctamente en todos os contextos.<br>-Entende e diferenza os recursos de formación de palabras.<br>-Amplia o seu vocabulario creando novas palabras.<br>- Recoñece e distingue tipos de adverbios.<br>-Usa correctamente os conectores.<br>-Comprende as regras de |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | uso das maiúsculas e aplícaas correctamente.<br>-Diferenza os signos de puntuación e aplica as regras na produción de textos propios. |
| E<br>L | - Os prexuízos linguísticos.<br>- Actitudes lingüísticas.<br>- Posta en valor da lingua propia. | B3.2<br>B3.3 | LGB3.2.1<br>LGB3.2.2<br>LGB3.3.1<br>LGB3.3.2 | CCL<br>CCEC<br>CSC | -Entende e distingue os prexuízos lingüísticos.<br>-Valora o galego e fomenta o seu uso en todos os contextos. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | - Desbota actitudes de marxinalización das linguas minoritarias. |

No cadro anterior, no apartado CRITERIOS DE AVALIACIÓN, o Bloque 1 (B.1) corresponde a Comunicación oral: escoitar e falar. O B2 a Comunicación escrita: ler e escribir. O B3 a Funcionamento da lingua. O B4 a Lingua e sociedade; e por último, o B5 a Educación literaria.

En canto á **temporalización**, cada unha das tres avaliacións será o referente temporal amplo a considerar, de tal xeito que se faga corresponder cada unha das avaliacións co desenvolvemento de catro unidades. Non obstante, haberá que adecuar o ritmo ao alumnado e, se se considera pertinente, o profesorado seleccionará os contidos e materiais máis significativos de cada unha das unidades. No Agrupamento específico é especialmente importante a adaptación ao ritmo do alumnado.

### 4.1.3. AVALIACIÓN

#### 1.3.A) CRITERIOS XERAIS

A avaliación entenderase como un proceso continuo, no que se terá en conta o punto de partida da aprendizaxe. Non só será continua, tamén será globalizadora. Isto implica que se considerarán os contidos conceptuais e tamén os procedementais e actitudinais, e sobre todo o avance no proceso de adquisición das competencias.

O proceso avaliador será transparente, de tal xeito que o alumnado coñeza perfectamente os erros e acertos, tanto nas actividades como nas probas escritas, así como a puntuación. Tamén se lle explicarán, ao comezo de curso, os criterios e instrumentos de avaliación que serán aplicados.

Ningún alumno que amose unha actitude activa e positiva cara á materia e que acade unha competencia comunicativa aceptable debería ser avaliado negativamente. A actitude avaliarase a través dos contidos procedementais e actitudinais por medio dos instrumentos de avaliación que se expoñen.

#### 1.3.B) INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas; para iso, é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.
Propoñemos aquí algunhas ferramentas para a avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Unhas serán para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica, outras para o desenvolvemento común de competencias.

1. **Traballo diario ( total 10%)**

O labor fundamental do profesorado é a observación e o control do traballo diario do alumnado mediante:

- Preguntas frecuentes na aula.
- Seguimento do caderno de cada alumn@.
- Control de asistencia e puntualidade.
- Observación do grao de participación na clase.
- Recollida de traballos escritos.
- Participación activa ante a materia en lingua galega.
- Utilización de ferramentas dixitais (busca de información, uso de dicionarios...)

Deste xeito o profesor e/ou profesora observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes do alumnado e poderá atendelos axeitadamente.

2. **Probas específicas ( 60% + 10% + 20% = 90%)**

As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, sen que representen unha dificultade insalvable para o alumnado que traballou a cotío. Mínimo cada trimestre faranse:

- 2 controis escritos (unha proba cada 2 unidades impartidas, total 60%)
- 1 control ou exposicións orais (total 10%)
- 1 control de lectura escrito ou oral ( total 20%)

3. **Tarefas puntuais extraordinarias ( total 10%)**

Consideramos instrumentos de avaliación extraordinarios aqueles que se sumarán á nota global por participación en traballos voluntarios ou actividades polo Departamento de Galego, EDL, equipo de biblioteca, etc., como poden ser participación na revista do centro, radio, club de lectura,blog....

Sumarase **1 punto como máximo** por avaliación neste apartado.

A extensión das probas será variable, segundo o instrumento a utilizar e a materia a avaliar.

A obtención de menos de **3 puntos** nalgunha das probas realizadas ou de **menos de 4 na media** de todas elas suporá automaticamente o suspenso na avaliación. O alumnado que non se presente a unha das probas ou a ambas e non o xustifique axeitadamente, non se lle repetirá e a media neste apartado calcularase coas cualificacións das probas realizadas, podendo logo recuperar no exame final de xuño.

As respostas ás probas deberán estar sempre redactadas de maneira correcta, adecuada e persoal, reservándose unha porcentaxe de cada pregunta para a valoración de aspectos lingüísticos como a precisión, fluidez, riqueza expresiva, organización das ideas ou utilización dos mecanismos de cohesión necesarios (xa que as incorreccións se restarán da nota final).

**B. Traballos de clase, deberes e libreta: 10 %**

A puntuación máxima neste apartado será de **1 punto e** sumaráse á nota do apartado A**.**

Cada docente decidirá e comunicará ao seu alumnado a distribución e os criterios concretos para cualificalo.

Na valoración dos **traballos** terase en conta, en diferentes proporcións segundo a natureza do exercicio e o curso: o cumprimento dos requisitos establecidos, a presentación, a corrección, a organización dos contidos e a relación entre eles, a adecuación ao tipo de texto, a calidade dos contidos, ademais dos requisitos específicos que establezca @ profesor/a para cada un (como xa se dixo, as incorrecciónss serán puntuadas de maneira independente). Evidentemente, os traballos deberán estar sempre redactados polos propi@s alumn@s, non permitíndose, nin sequera parcialmente, a copia literal doutros textos (a non ser que se trate dunha cita pertinente, xustificada, e citando a fonte) ou a entrega de traballos redactados, total ou parcialmente, por outra persoa. O docente poderá requerir ao alumnado explicacións orais para comprobar este punto, e o intento de copia ou engano será penalizado con unha nota de 0 puntos neste apartado para esa avaliación.

O **caderno,** dadas as circunstancias provocadas pola pandemia, non pode ser requerido para a súa valoración, mais si a corrección oral  atendendo a criterios como: calidade dos exercicios realizados e dos contidos; posta ao día (debe estar sempre actualizado); toma de notas (irase valorando progresivamente en cada curso a autonomía do alumnado para anotar o que necesite das explicacións ou corrección de exercicios) ou a  redacción.

A non realización de **tarefas ou deberes** poderá restar neste apartado na medida decidida por cada docente.

**C. Oralidade: 10 %**

Á parte das probas orais individuais e/ou por grupos, o Departamento establece a esixencia do uso da lingua galega como lingua vehicular das sesións, tanto en intervencións planificadas como en informais. O incumprimento do anterior, e con finalidade didáctica e práctica, traerá consigo unha sanción na cualificación da materia, que poderá chegar a supoñer o desconto de ata **1 punto** na nota global do trimestre.

➢ **Ortografía e incorreccións gramaticais:**

En todas as probas e exercicios restarase entre 0,1 e 0,05 por cada falta de ortografía ou incorrección léxica ou gramatical, dependendo da gravidade da falta cometida ata un máximo de 1 punto.

Para calcular a **nota final** da convocatoria ordinaria de xuño farase a media das tres avaliacións, sendo preciso un mínimo de **5** para quedar a materia superada.

➢ **Sistema de recuperación:** O alumnado que teña algunha avaliación suspensa pero ao calcular a media das tres acade un mínimo de 5 terá aprobada a materia. **Se hai algunha avalaciación con unha nota igual ou inferior a 2 non poderá facer media e deberá ir á recuperación.**

Para recuperar **exames de lectura** cada docente dará indicacións dependendo dos resultados da súa avaliación.

No mes de xuño haberá unha proba escrita global con preguntas sobre os contidos mínimos dos tres trimestres tendo que acadar un mínimo de un **4** para poder sumar a nota dos apartados B e C, se sumando os tres acada unha nota igual ou superior a **5** quedará a materia aprobada.

### 1.3.D) AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA

A nota final da **avaliación ordinaria** será a media ponderada das tres avaliacións.

**Proba de setembro:** Será unha proba global na que haberá que acadar un 5 para aprobar. O profesorado pode requerir o caderno para ser revisado, igual que as actividades de recuperación propostas, se o estima oportuno.

## E) AVALIACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

O alumnado que teña pendente a materia de 3º ESO (ou de cursos anteriores) terá unha proba escrita sobre os contidos mínimos do curso avaliable e ata tres posibilidades de recuperala, unha en cada trimestre e ademais ofreceráselle material de traballo que sumará ata **3 puntos** na nota final, tendo que acadar un mínimo de 5 puntos en total para ter unha avaliación satisfatoria. No caso de ter un resultado igual ou superior a 5 puntos no 1º trimestre a materia quedará xa recuperada e de non ser así poderá realizar outra proba no 2º trimestre e/ou no 3º trimestre ata acadar os contidos mínimos.

### 4.1.4. PROMOCIÓN E TITULACIÓN

O alumnado que acade os obxectivos mínimos propostos para este curso e chegue polo tanto á nota media final de un 5, superará positivamente a materia en xuño ou en setembro. De non ser así fica suspensa. De ser a única materia o alumnado poderá titular segundo o que considere a xunta de avaliación e de quedarlle máis materias remitiremos aos criterios de promoción establecidos no regulamento de centro.

## 4. 5. <u>1º BACH</u>

O alumnado de 1º de bach. incrementará os contidos do curso engadindo aqueles de 4º que non se traballaron por mor da COVID; os de 1º de bach. iranse adaptando aos distintos ritmos de aprendizaxe que preseten os grupos neste nivel educativo.

### 4.5.1. OBXECTIVOS

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que os facultan para desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permiten:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e a galega.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, comofontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

A LOMCE, segundo o Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, establece os seguintes obxectivos xerais para a Lingua Galega e Literatura:

«A materia Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o **desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe tamén achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional**. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e deexpresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

A finalidade da reflexión lingüística é o coñecemento progresivo da propia lingua, que se produce cando o alumnado percibe o uso de diferentes formas lingüísticas para diversas funcións e cando analiza as súas propias producións e as dos que o rodean para comprendelas, avalialas e, no seu caso, corrixilas. A reflexión literaria a través da lectura, comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento

das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

Os elementos de Lingua Galega e Literatura supoñen unha progresión respecto aos saberes e habilidades adquiridos desde o inicio da vida escolar. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da lingua articúlase ao redor dun eixe que é o uso social da lingua en diferentes ámbitos: privados e públicos, familiares e escolares.

A materia céntrase na aprendizaxe das destrezas discursivas que poden darse en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos acerca do funcionamento da linguaxe en todas as súas dimensións, tanto relativos aos elementos formais como ás normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A lectura de textos diversos e a súa comprensión contribúe á adquisición de destrezas comunicativas. A lei establece a adquisición das destrezas básicas que debe manexar o alumnado para ampliar a súa capacidade de comprensión e expresión oral e escrita e a súaeducación literaria a través de catro bloques de contidos cuxos obxectivos específicos resumimos aquí:

**Comunicación oral: escoitar e falar**

- Adquirir habilidades para comunicar con precisión as ideas propias.
- Realizar discursos elaborados e adecuados á situación comunicativa.
- Escoitar os demais e interpretar correctamente as súas ideas.

**Comunicación escrita: ler e escribir**

- Aplicar estratexias de lectura para achegarse a textos con diferentes graos de complexidade.
- Entender textos de diversos xéneros.
- Recoñecer as ideas explícitas e implícitas dos textos.
- Desenvolver o pensamento crítico e creativo.
- Seguir un método estruturado no traballo escrito: planificación, creación de borradores, revisión e redacción.
- Escribir textos coherentes e adecuados.

Introdución á programación de Lingua e Literatura

**Coñecemento da lingua**

- Utilizar os mecanismos lingüísticos como base para un uso correcto da lingua.
- Interiorizar e usar adecuadamente as regras ortográficas e gramaticais.
- Reflexionar sobre as palabras, o seu uso e os seus valores significativos e expresivos dentro dun discurso, dun texto e dunha oración.
- Recoñecer as relacións gramaticais entre as palabras e os grupos de palabrasde ntro do texto.
- Afondar nas relacións textuais que fundamentan o discurso.
- Reflexionar sobre as variedades lingüísticas da lingua.

**Educación literaria**

- Formarse como lectores cultos e competentes.
- Ler, comprender e interpretar os textos literarios máis representativos da literatura galega.
- Achegarse aos xéneros literarios.
- Establecer as relacións entre o contexto sociocultural e a obra literaria.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras da literatura galega e universal.
- Desenvolver o gusto pola lectura de obras en xeral e de obras da literatura galega e universal de todos os tempos.

Por último, a lei conclúe que a materia Lingua galega e Literatura, «persegue o obxectivo último de crear cidadáns conscientes e interesados no desenvolvemento e na mellora da súa competencia comunicativa, capaces de interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo e de formar as súas propias opinións a través da

lectura crítica das obras literarias máis importantes de todos os tempos».

## 4.5.2. CONTRIBUCIÓN AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A área de Lingua galega e literatura é o ámbito privilexiado para o progreso da competencia en comunicación lingüística en toda a súa extensión.A competencia fundamental que desenvolve é, polo tanto, a **comunicación lingüística.** A través dos contidos, lecturas e actividades propostas ao longo do libro búscase que o alumnado sexa competente en; a) a comprensión oral e a comprensión escrita mediante a escoita e a lectura de textos de diversa índole e a escoita atenta das explicacións nas situacións comunicativas da aula e b) a expresión oral e aexpresión escrita mediante a elaboración de textos propios orais ou escritos cun vocabulario e unhas estruturas lingüísticas precisos e de forma coherente e adecuada a cada situación comunicativa.

As **competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** están presentes naquelas unidades nas que se traballan textos relacionados co medio e a ciencia. A**competencia dixital** implica a utilización de medios dixitais que o alumnado de LinguaeLiteratura precisará para solicitar información de dicionarios e enciclopedias e obter datos concretos sobre autores e obras, así como para ampliar os contidos ou traballar os medios de comunicación. O carácter abstracto dunha gran parte dos contidos que se traballan en Lingua implican unha necesaria xestión dos estilos de aprendizaxe e os recursos e motivacións persoais, e un desenvolvemento dasestratexias de comprensión por parte do alumnado. Así mesmo, os estudantes enfróntanse ao seguimento dunha aprendizaxe pautada e á reflexión creativa, crítica e emocional, especialmente nasanálises e comentarios dos textos. Por último, a posibilidade de autoavaliar os obxectivos de aprendizaxe e de tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe están sempre presentes nas actividades de repaso e nos resumos das unidades. Todo iso fai que a competencia **aprender a aprender** se traballe en practicamente todos os apartados de cada unidade.

O alumnado adquire **competencias sociais e cívicas** a través do recoñecemento e o respecto da diversidade de ideas e opinións nos traballos de tipo colaborador de diálogo e debate e das vertidas, especialmente, nos ensaios e nos artigos de opinión.

Por outra parte, os alumnos e as alumnas deberán establecer unha escala de valores desde a que emitir xuízos críticos e fundamentados sobre os textos. Traballarán tamén esta competencia ao valorar a riqueza cultural da realidade plurilingüe da Península Ibérica e ao establecer a relación da realidade histórica e a literatura.

O **sentido de iniciativa e espírito emprendedor** faise patente en todas as actividades do libro que requiren achega de ideas, análise sistemática, aplicación do aprendido para xerar novas posibilidades, creación de textos, elección de recursos, etc. Así, o alumnado adquire esta competencia en especial participando nas actividades motivadoras do inicio da unidade,resolvendo cuestións lingüísticas, construíndo oracións, realizando as análises de texto pautadas, creando textos propios ou achegándose aos recursos diversos que se ofrecen na web.

A materia contribúe especialmente ao fomento da apreciación cultural e a educación do gusto que

desenvolve a competencia **conciencia e expresións culturais.** Por un lado, o libro ofrece unha gran cantidade de textos de tipoloxía variada e de autores recoñecidos para traballar os contidos do curso, cuxa temática, ademais, se relaciona con temas que van desde o patrimonio natural ou científico ata a interculturalidade.Por outro, a Literatura invita ao alumnado a entrar en contacto directo con obras e autores de diversos xéneros e de valor universal sobre os que se dan as pautas e os contextos para a súa mellor comprensión, o que supón un estímulo para que os estudantes se acheguen con sensibilidade e agrado ao patrimonio literario. Co traballo con diferentes tipos de texto e situacións de comunicación prodúcese unha aproximación crítica á realidade e un coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís. O traballo das **destrezas dialóxicas** prepara para compartir e respectar as normas sociais de convivencia, no emprego da negociación para chegar a acordos. Así contribúese ao progreso na **competencia social e cidadá**.

.A lingua en si mesma é unha ferramenta coa que seleccionar, organizar, relacionar e sintetizar a información. Á parte é necesario manexar e utilizar os diferentes soportes da información, tanto os tradicionais como os dixitais: dicionarios e enciclopedias, xornais en papel, xornais dixitais, bibliotecas virtuais,…Estamos a falar da **competencia no tratamento da información.**

**A competencia cultural e artística** vincúlase directamente co ámbito literario e indirectamente co coñecemento da riqueza cultural da diversidade lingüística e a expresividade popular da fala.

**A competencia para aprender a aprender** desenvólvese ao contribuír a linguaxe á estruturación do pensamento e ao control da aprendizaxe; en concreto, ao perfeccionar a lectura comprensiva, acomposición de resumos e de esquemas que organicen as ideas, a interpretación das informacións, a exposición e as conclusións sobre tarefas académicas;etc. Tamén contribuirá decisivamente aprender a valorar a lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio.

A lectura en xeral e a literatura en particular fomentan a creatividade e o espíritu crítico; o uso da biblioteca e das TIC como ferramentas para a investigación e o coñecemento autónomo fomentan a autoestima persoal. En todo caso a linguaxe é clave na análise de problemas, na toma de decisións e na resolución dos mesmos. Estamos a promover a **autonomía e iniciativa persoal.**

## 4.5.3. CONTIDOS

### 4.5.3.1. CONTIDOS SECUENCIADOS POR UNIDADES

Os contidos aparecen secuenciados por unidades partindo do libro de texto de referencia:

**Unidade 1. Comunicación e linguaxe**

1. A comunicación
2. A linguaxe humana
3. Elementos do acto comunicativo
4. O contorno da comunicación
5. Ruído e redundancia
6. A intención comunicativa

7. Os signos

Repaso da unidade.

Comentario de textos: A lectura e a comprensión do texto24

**Unidade 2. Tipoloxía textual**

1. Comunicación oral e escrita

2. Tipoloxía textual

3. O texto dialogado

4. O texto descritivo

5. O texto narrativo

6. O texto expositivo

7. O texto argumentativo

8. As propiedades textuais

Repaso da unidade

Comentario de textos: O resumo

**Unidade 3. O substantivo e o adxectivo**

1. O substantivo

2. O adxectivo cualificativo

Repaso da unidade

Comentario de textos: O título e o tema.

**Unidade 4. O pronome persoal**

1. Definición, morfoloxía e funcións

2. Serie tónica

3. Serie átona

Repaso da unidade

Comentario de textos: O esquema

**Unidade 5. Os determinantes e outros pronomes**

1. O artigo

2. Os demostrativos

3. Os posesivos

4. Os relativos

5. Os interrogativos e os exclamativos

6. Os numerais

7. Os indefinidos

Repaso da unidade

Comentario de textos: A estrutura

**Unidade 6. O verbo**

1. Definición e estrutura

2. As categorías verbais

3. O sistema verbal do galego

4. Algúns valores dos modos e dos tempos

5. Formas nominais ou amodo-temporais

6. As perífrases verbais

Repaso da unidade

Comentario de textos: O comentario crítico: obxectivo e fases

**Unidade 7. O adverbio, as preposicións e as conxuncións**

1. O adverbio

2. As preposicións

3. As conxuncións

Repaso da unidade.

Comentario de textos: O comentario crítico: introdución

**Unidade 8. Historia da lingua: ata o século VIII**

1. Formación da lingua galega

2. O período prerromano

3. A romanización

4. Do latín vulgar ao galego portugués

5. Formación histórica do léxico galego

Repaso da unidade.

Comentario de textos: O comentario crítico: o corpo argumentativo

**Unidade 9. Historia da lingua: séculos IX a XIX**

1. A Baixa Idade Media: galego antigo

2. A Idade Moderna: galego medio

3. A Idade Contemporánea: galego

moderno Repaso da unidade

Comentario de textos: O comentario crítico: conclusión

**Unidade 10. A variación e a diversidade linguística**

1. Introdución

2. A variación intralinguística

3. A diversidade linguística

4. A realidade plurilingue da

Península Repaso da unidade

Comentario de textos: O comentario crítico: finalidade

**Unidade 11. A literatura galega medieval**

1. Periodización da literatura galega

2. Contexto da literatura galega medieval

3. A lírica medieval galego-portuguesa

4. A lírica profana

5. A cantiga de
amigo Repaso da
unidade Lecturas
guiadas
Comentario de textos: Os textos poéticos
Introdución á programación de Lingua e Literatura

**Unidade 12. A literatura galega medieval**

1. A cantiga de amor
2. Cantigas de escarnio e maldicir
3. Xéneros menores da lírica profana.
4. A lírica relixiosa: *Cantigas de Santa María*
5. Decadencia da lírica galego-portuguesa
6. A prosa literaria
medieval Repaso da
unidade Lecturas guiadas
Comentario de textos: Os textos poéticos: a estrutura

**Unidade 13. Dos Séculos Escuros ao prerrexurdimento**

1. Os Séculos Escuros
2. A literatura popular
3. O prerrexurdimento

Repaso da unidade
Lecturas guiadas
Comentario de textos: Os textos poéticos: conclusión

**Unidade 14. Rexurdimento: Rosalía de Castro**

1. Caracterización e delimitación do Rexurdimento
2. As causas do Rexurdimento: o galeguismo
3. Os protagonistas do Rexurdimento
4. Rosalía de Castro

Repaso da unidade
Lecturas guiadas .
Comentario de textos: Os textos dramáticos

**Unidade 15. Rexurdimento: Eduardo Pondal e Curros Enríquez**

1. Eduardo Pondal
2. Manuel Curros Enríquez
3. Outros escritores. A prosa
4. A literatura entre dous séculos: Antonio Noriega Varela e Ramón
Cabanillas Repaso da unidade
Lecturas guiadas
Comentario de textos: Os textos dramáticos.

### 4.5.3.2. CONTIDOS SECUENCIADOS POR BLOQUES DE CONTIDOS

**A) Bloque 1: Lingua e texto**

- Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.

- A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.

- Recoñecemento da presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicar ás producións propias. Repaso de casos de ortografía dubidosa.

- Texto descritivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Substantivo e adxectivo: xénero e número, o grao do adxectivo, as conxuncións comparativas.

- Texto expositivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores). Caracterización e tipoloxía.

- Texto dialogado: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, características lingüísticas. Os pronomes: caracterización e tipos. Funcións e usos.

**B) Bloque 2: A sociolingüística.**

- A formación da lingua galega: substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.
- A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística. Multilingüismo e plurilingüismo.
- A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na Península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

**C) Bloque 3: A literatura**

- A literatura e o texto literario. Xéneros e recursos formais. Introdución á cronoloxía xeral da historia da literatura galega.
- A literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio) e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval.
- A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta. Caracterización, lectura e comentario.

- A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos.

### 4.5.4. TEMPORALIZACIÓN

Inicialmente, contémplase a seguinte secuenciación de contidos:

Esta secuenciación prevista poderá, non obstante, modificarse e adaptarse en función dos diversos factores que inflúen sobre a dinámica de cada grupo-clase.

As unidades 1 e 2 inciden nas características dos textos (adecuación, coherencia ecohesión) e no estudo de todas aquelas variedades textuais, tanto orais coma escritas, que poden ser de utilidade para os estudantes na súa vida cotiá. O coñecemento da lingua segue no libro coas unidades 3 a 7 dedicadas aos conceptos fundamentais da morfoloxía: o substantivo e o adxectivo, o pronome persoal, os determinantes e outros pronomes, o verbo e o adverbio, as preposicións e as conxuncións. As unidades 8 e 9 dedícanse ao estudo da Historia da Lingua, desde os seus inicios ata a actualidade; a unidade 10 céntrase no estudo da variación e a diversidade lingüística. Estas unidades de Lingua compleméntanse cunhas Actividades de repaso, que se desenvolven nunha páxina e teñen como obxectivo reforzar os contidos estudados a partir de actividades relacionadas cun texto. A unidade 11 introduce os contidos de Literatura cunha unha visión histórica das producións máis significativas do noso acervo literario, desde a Idade Media ata o século XIX. En cada época estúdanse os xéneros e os autores máis representativos, de cuxas principais obras se extractan fragmentos sobre os que consideran actividades diversas. Préstaselle especial atención á literatura galega medieval e aos autores do Rexurdimento.

### 4.5.5. AVALIACIÓN

#### 4.5.5.1. CONCRECIÓN DOS CRITERIOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

##### BLOQUE 1: LINGUA ORAL

| | |
|---|---|
| ➢ Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencias).<br><br>➢ Comprender, interpretar e valorar textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación (entrevistas, documentais, series e películas)..<br><br>➢ Expor oralmente con rigor e claridade un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural. | • Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.<br>• Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.<br>• Recoñece a intención comunicativa, as ideas principais e relevantes de programas de radio e televisión (entrevistas, documentais, series e películas).<br>• Analiza e explica os recursos verbais e non verbais. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.<br>• Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral; respecta as quendas e as opinións alleas.<br>• Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.<br>• Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.<br>• Emprega recursos verbais e non verbais en textos expositivos. |

**BLOQUE 2: LINGUA ESCRITA**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES |
|---|---|
| • Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para comprender, analizar e comentar o texto na súa integridade.<br><br>• Compoñer producións escritas planificadas adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación. | • Recolle as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.<br>• Interpreta o sentido global do texto, identifica o propósito comunicativo do/da autora e emite opinións e xuízos sobre a mensaxe.<br>• Distingue o tema principal e os subtemas e compón o esquema xerarquizado das ideas do texto.<br>• Selecciona e presenta os contidos dos seus textos de forma clara e ordenada.<br>• Identifica e describe as características lingüísticas dos distintos tipos de rexistro.<br>• Utiliza o rexistro lingüístico axeitado á situación comunicativa das súas producións.<br>• Utiliza mecanismos variados de cohesión lingüística.<br>• Axústase ás normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.<br>• Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical .<br>• .Respecta as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en |

| | |
|---|---|
| | epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía. |

**BLOQUE 3: FUNCIONAMENTO DA LINGUA**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES de APRENDIZAXE |
|---|---|
| ➢ Verificar o coñecemento formal e a capacidade de | · Describe os principais conceptos de Lingüística Xeral: |
| reflexión sobre a lingua que posúe o alumnado.<br>➢ Recoñecer e utilizar os diferentes rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais valorando a importancia de usar o rexistro axeitado a cada momento.<br>➢ Producir textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.<br>➢ Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais substantivo e adxectivo, explicar os seus usos e valores nos textos.<br>➢ Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.<br>➢ Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do verbo e as perífrases verbais e explicar os seus usos e valores nos textos.<br>➢ Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais.<br>➢ Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos. | comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico e diversas disciplinas lingüísticas.<br>• Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais e escritos en función da intención comunicativa.<br>• Produce textos escritos ou orais de diferentes xéneros mostrando un correcto nivel de corrección gramatical, presentación, adecuación, coherencia, cohesión e corrección.<br>• Identifica e explica os usos e valores do substantivo e do adxectivo nun texto, relacionándoos coa intención comunicativa, coa tipoloxía textual, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.<br>• Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.<br>• Identifica e explica os usos e valores dos verbos e das perífrases e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.<br>• Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.<br>• Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención |

| | |
|---|---|
| ➢ **Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.** | comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.<br>• Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes. |

**BLOQUE 4: LINGUA E SOCIEDADE**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| ➢ Distinguir as funcións sociais da lingua e determinar a situación do galego respecto a elas.<br>➢ Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica, determinar o papel da lusofonía, distinguir conceptos básicos de contacto de linguas e describir os fundamentos do ecolingüismo.<br>➢ Describir a historia da lingua do latín ao galego e distinguir os elementos constitutivos deste.<br>➢ Recoñecer os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e citar exemplos, así como distinguir as familias léxicas irregulares e utilizalas correctamente.<br>➢ Identificar e describir as características lingüísticas fundamentais do galego antigo, o seu contexto e identificalo en textos | · Recoñece os cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais e cita algún exemplo.<br>· Distingue as familias léxicas irregulares e utilízaas correctamente.<br>· Identifica e describe as características lingüísticas fundamentais do galego antigo. Describir o contexto histórico e cultural do galego antigo así como a súa situación sociolingüística.<br>· Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describe o seu contexto e identifícao en textos.<br>· Describe o contexto histórico e cultural do galego medio así como a súa situación sociolingüística.<br>· Identifica o galego medio en documentos non literarios e literarios.<br>· Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916).<br>· Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística. |

| | |
|---|---|
| ➢ Distinguir as características lingüísticas fundamentais | · Analiza a repercusión da etapa de nacemento do |
| do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII), describir o seu contexto e identificalo en textos.<br><br>➢ Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916), describir o seu contexto e identificalo en textos, elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos anteriores a 1916. | galego moderno (desde o século XIX ata 1916)<br>no desenvolvemento posterior da lingua.<br>· Distingue as funcións sociais da lingua e determina a situación do galego respecto a elas.<br>· Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.<br>· Determina o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI e a súa importancia cultural e económica desde a perspectiva galega.<br>· Diferencia e explica os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria e lingua minorizada, conflito lingüístico e diglosia e describe os fundamentos do ecolingüismo.<br>· Describe a romanización e o nacemento das linguas romances.<br>· Identifica e describe os diferentes elementos constitutivos do galego ao longo da historia (substrato, estrato e superestrato). |

**BLOQUE 5: EXPRESIÓN LITERARIA**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|

| | |
|---|---|
| ➢ Definir "literatura" e "texto literario", caracterizar os diferentes xéneros e analizar os seus principais recursos formais e describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.<br>➢ Identificar, analizar e describir a literatura medieval: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, definir as características principais e analizar a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.<br>➢ Ler textos significativos da literatura medieval, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.<br>➢ Identificar, analizar e describir a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais.<br>➢ Ler textos significativos da literatura do galego medio, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.<br>➢ Identificar, analizar e describir a literatura do Rexurdimento: contextualizar sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais deste período.<br>➢ Ler textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificando as súas características temáticas e | · Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.<br>· Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>· Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais.<br>· Le e comenta textos representativos da literatura do galego medio, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>· Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüisticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.<br>· Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>· Redacta sembalnzas nas que valora a importancia de autores e autoras como Rosalía |
| formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | de Castro, Curros Enríquez e Pond |

Nunha proba escrita global os estándares do **bloque 2** computan un **40%**; os dos **bloque 3, 4** e **5** un **20%** cada un. (Total da nota final: **60%)**

Nunha proba oral global os estándares do **bloque 1** computan un **10%**.

Á parte das probas globais avaliarase a Lectura e análise das obras de lectura estipuladas: **20%.**

O **10%** restanse sairá de avaliar:

- Análises e comentarios de texto.
- Utilización de dicionarios e de fontes de documentación.
- Elaboración de textos (de creación, de análise textual ou de comentario de texto) adecuados, coherentes e correctos en función dos principios reguladores da comunicación.

### 4.5.5.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Interpretar diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as ideas globais e secundarias.

2. Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade e usando recursos audiovisuais bibliográficos e das tecnoloxías da información e comunicación.

3. Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou Curriculares, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica amais dunha coidada presentación.

4. Caracterizar e identificar diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, sobre todo, dos ámbitos científico e académico e dos medios de comunicación.

5. Coñecer os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos (flexión, clasificación, análise, etc.) propios da gramática galega.

6. Utilizar sistematicamente os coñecementos lingüïsticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compoñer e revisar textos propios e de temáticas diversas.

7. Coñecer e utilizar o caudal léxico (palabras, frases feitas, combinacións, fórmulas sociais ou elementos discursivos) apropiado e amplo que incremente non só o vocabulario recptivo, senón, e sobre todo, o de tipo produtivo.

8. Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.

9. Valorar a lIngua galega e ser quen de identificar os prexuízos e estereotipos que están ligados a ela.

10. Coñecer as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valorala con espíritu crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística.

11. Coñecer a historia da literatura galega: as principais etapas, movementos, autoras e autores e obras.

12. Ler, analizar e comentar obras e fragmentos significativos da historia da literatura galega, utilizando os coñecementos sobre as formas literarias (xéneros, recursos literarios, versificación) e os distintos períodos, movementos e autores.

### 4.5.5.3. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Na web http://www.anayaeducacion.es/programaciones.php o profesorado atopará **rúbricas** diversas para avaliar diferentes aspectos que poderían ser utilizadas ou ben elaborar as súas propias probas.

#### A) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS

**a) <u>Probas sobre a materia:</u>**

Realizaranse **dúas probas escritas**, preferentemente unha sobre os contidos de lingua e sociolingüística e outra cos contidos de literatura; nas avaliacións 2ª e 3ª as probas de lingua serán acu-

mulativas ou inclusivas, é dicir, en cada unha entrarán os contidos novos máis os contidos que xa foran obxecto de exame antes.

Este apartado representará o **60%** da nota.

**b) Probas das obras de lectura:**

O alumnado lerá un libro por avaliación e realizará as probas de control de lectura e/ou as actividades ou traballos que a profesora propoña. Estes libros obrigatorios serán fixados pola profesora, agás cando se trate de lecturas voluntarias, que poden ser escollidas polo alumnado entre os fondos da biblioteca ou unha listaxe previamente fornecida pola profesora.

A nota da obra de lectura obrigatoria suporá o **20%** da nota total das probas escritas. Cando se trate de lecturas voluntarias computaranse ata **0.5 puntos** por obra máximo 1 punto.

**c) Probas orais:**

O alumnado deberá acreditar ao longo do curso o seu coñecemento da lingua oral através de diferentes probas, chamadas, exposicións e/ou debates na aula.

Esta parte suporá o **10%** na nota global de cada avaliación.

**d) O seguimento na aula:**

A observación e o seguimento na aula terán en conta os seguintes aspectos que permitirán determinar a cualificación :

Atende ós comentarios e/ou explicacións da profesora ou dos compañeiros con respecto e interese.

- Toma apuntamentos.
- Realiza correccións.
- Realiza as actividades, comentarios, ou traballos propostos na aula ou na casa no prazo estipulado.
- Responde axeitadamente ás *chamadas de clase,* sexan orais ou escritas.

Este apartado representará o **10 % da nota** da avaliación.

**e) Probas específicas de recuperación ao longo do curso:**

Aínda que o alumnado acade unha nota global positiva na avaliación, se en calquera das probas tivese unha nota inferior a **4,** terá que recuperar esa parte. Os contidos de lingua non necesitarían unha proba específica de recuperación (por seren probas acumulativas) nas avaliacións 2ª e 3ª; as de literatura recuperaranse mediante unha proba específica. Excepcionalmente a profesora pode propoñer traballos de recuperación como alternativa ao exame de recuperación.

As notas de recuperación non se terán en conta para a media da nota de final de curso.

**f) Proba de recuperación final:**

Só aquel alumnado que en xuño obteña unha nota media final inferior a 5 deberá realizar esta proba.

As faltas de ortografía e outras incorreccións lingüísticas penalizarán con **0.2, 0.1** ou **0.05** segundo se- xan leves ou graves ata un **máximo de 2 puntos** nos controis e exames de avaliación (e en todos os escritos corrixidos e avaliados, se a profesora o estima oportuno).

**B) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIOS**

Consideramos instrumentos de avaliación extraordinarios aqueles que se sumarán á nota global por:

- Participación en traballos voluntarios sobre a materia.
- Participación nas actividades propostas polo Dpto. de Lingua Galega e Literatura, Biblioteca ou polo EDLG.
- Lecturas optativas (xa mencionadas máis arriba)

Cada actividade sumará entre **0.25 – 0,5 puntos** sobre a nota acadada polos outros procedementos, tendo en conta que o máximo será **un punto** sobre a media de final de curso.

#### 4.5.5.4. NOTAS FINAIS AVALIACIÓN ORDINARIA - XUÑO

- A nota da **avaliación final** de xuño será a media das tres avaliacións ou ben a nota da proba de recuperación global.

As cualificacións expresaranse por medio dun número enteiro, de tal xeito que o redondeo dos decimais farase tomando o número enteiro máis próximo. (ex. 5.6 redondéase a 6). Os redondeos farémolos como segue despois de obter o aprobado (5): 5.5-Suficiente (5); 5.6, 5.7..-Ben (6) e así sucesivamente.

- **Avaliación non presencial.** No caso da avaliación non presencial, a nota da avaliación sería o resultado da presentación e avaliación das tarefas propostas (50%) e do exame telemático (50%). O exame non presencial axustarase ás condicións de realización no tempo estipulado e coa cámara activada.

#### 4.5.5.5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA - SETEMBRO

O alumnado que deba examinarse en **setembro** será cualificado exclusivamente polo exame que realice nesa convocatoria, a **mínima nota** para aprobar a materia será **5**.

#### 4.5.6. PROMOCIÓN

O alumnado que en xuño ou en setembro consiga un aprobado na materia estará aprobado e valerá para promocionarlle ao seguinte curso, de non ser así levará a materia pendente no caso de que promocione.

## 4. 6. 2º BACH

### 4.6.1. OBXECTIVOS

• Utilizar a lingua galega para a comprensión, e para a elaboración, de informacións orais eescritas, atendendo ás características formais de cada unha delas.

• Valorar a lingua galega como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.

• Analizar a realidade sociolingüística de Galicia, interpretando criticamente os factores que interveñen nela.

• Analizar as linguaxes específicas dos medios de comunicación e utilizar as seccións e os programas en galego para mellorar as propias producións.
• Aplicar os principios fundamentais da gramática galega, recoñecendo as distintas unidades da lingua, e as súas posibles combinacións, no plano fónico-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual. Repasarase o máis salientable, posto que foi obxecto de estudo no 1º curso de bacharelato.
• Coñecer as características das principais etapas da literatura galega, así como dos autores e das obras máis significativas, utilizando de forma crítica as fontes documentais para o seu estudo.
• Ler e comentar as obras máis representativas das diferentes épocas da literatura galega, como fonte de pracer persoal e como manifestación artística do ser humano nun ámbito cultural concreto.

## 4.6.2. CONTIDOS E SECUENCIACIÓN

Secuenciación de contidos de 2º de Bacharelato por avaliación. As referencias ao libro de texto que se utilizará; NIETO PAZÓ e TROITIÑO; *Lingua galega e literatura 2 Bacharelato* , Anaya 2016

**1ª avaliación**

LINGUA (Unidades 1, 2 do libro de texto e Repaso Morfoloxía de 1º)

1. *Fonética e Fonoloxía*
2. Sons, fonemas e letras Os fonemas vocálicos

Os fonemas consonánticos
A sílaba
O acento
A entoación
Repaso da unidade

3. *Variedades xeográficas da lingua galega*

Variación diatópica ou xeográfica
Variedades xeográficas do galego moderno
Bloques e áreas do galego
Repaso da unidade Repaso
de Morfoloxía de 1º

LITERATURA (Unidades 9 e 10 do libro de texto)

*9. Do Posrexurdimento á Guerra Civil: poesía*

Contexto histórico e cultural
Autores de longa traxectoria: Ramón Cabanillas
As vangardas
Repaso da unidade
Lecturas guiadas

*10. Do Posrexurdimento á Guerra Civil: prosa*

A narrativa na época Nós
O teatro na época Nós
O ensaio na época Nós
Repaso da unidade
Lecturas guiadas

**2ª avaliación**

LINGUA (Unidades 3, 4 ,6, ; repaso das unidades anteriores).

*3. Morfoloxía*
Estrutura e clases de palabras
Formación de palabras
*Familias léxicas e desvíos léxicos*
*4. Sintaxe*
As relacións sintácticas
Unidades e funcións sintácticas: a frase
Unidades e funcións sintácticas: a oración
Algúns aspectos de sintaxe galega
Repaso da unidade
*6. A norma estándar*
A construción da variedade estándar
As interferencias lingüísticas e as desviacións da norma
Repaso da unidade
*7. Historia da lingua: séculos XX e XXI*
Introdución
O galego no primeiro terzo do s. XX
O galego de 1936 a 1975
O galego desde 1975 ata a actualidade
Repaso da unidade

LITERATURA (Unidades 11, 12, do
libro de texto)
*11. Desde a Guerra Civil ata 1976: poesía*
Contexto histórico e cultural
A Xeración de 1936
A Promoción de Enlace
A Xeración dos 50 ou das Festas Minervais
Repaso da unidade
Lecturas guiadas
*12. Desde a Guerra Civil ata 1976: prosa*
A prosa galega entre 1936 e 1980
A literatura galega no exilio
A Nova Narrativa Galega.
O teatro galego entre 1950 e 1980
O ensaio galego entre 1950 e 1980
Repaso da unidade
Lecturas guiadas

**<u>3ª avaliación</u>**
LINGUA (Unidades 5, 7, 8; repaso das unidades anteriores)
SOCIOLINGÜÍSTICA
*5. Semántica*
A Semántica
Campos semánticos
Relacións semánticas
Cambios semánticos
Repaso da unidade
*8. Evolución da conciencia lingüística*
Introdución
Antecedentes da conciencia lingüística (ata 1840)
Etapa de toma de conciencia (1840-1915)

Etapa de afirmación da conciencia lingüística (1916-1939)
Etapa de resistencia (1939-1975)
Etapa de reafirmación da conciencia lingüística (1975-hoxe)
Repaso da unidade
Reforzo gramatical xeral.
Textos: léxico, comprensión e expresión, redacción e comentario.
LITERATURA ( Libro de texto: unidades 13 e 14)
*13. A literatura galega actual: poesía*
Contexto histórico e cultural
A poesía na década dos 80
A poesía na década dos 90
Repaso da unidade
Lecturas guiadas
*14. A literatura galega actual: prosa*
Introdución
A narrativa galega actual
Autores
O teatro actual (desde 1980)
O ensaio actual (desde 1980)
Repaso da unidade
Lecturas guiadas

### 4.6.3. AVALIACIÓN

Tomamos como referencia o publicado en www.xunta.guiadalomce para seleccionar os criterios de avaliación en relación cos estándares de aprendizaxe avaliables, que se consideran os mínmos esixibles para acadar unha avaliación positiva.

### 4.6.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

**BLOQUE 1 LINGUA ORAL**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia).<br><br>Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.<br><br>Realizar producións orais planificadas. | Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo).<br><br>Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.<br><br>Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.<br><br>Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.<br><br>Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga. . Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. |

**BLOQUE 2 LINGUA ESCRITA**

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.<br><br>Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.<br>Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural. | Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.<br><br>Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.<br><br>Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.<br><br>Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín. |

## BLOQUE 3 FUNCIONAMENTO DA LINGUA

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| Definir e identificar os fonemas da lingua<br>Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.<br><br>Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo. | . Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.<br>Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural.<br><br>Explica os procedementos de formación das palabras.<br><br>Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. |
| Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.<br><br>Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas. | Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.<br><br>Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.<br><br>Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. |

## BLOQUE 4 LINGUA E SOCIEDADE

| CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE |
|---|---|
| § Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.<br><br>§. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos<br><br>Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.<br><br>Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | §. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.<br><br>§ Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.<br><br>§ Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978).<br><br>§ Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística.<br><br>§.Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico.<br><br>§.Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua.<br><br>§ Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.<br><br>§.Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. |

## BLOQUE 5 EDUCACIÓN LITERARIA

| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**§ | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** |
| --- | --- |
| Identificar, analizar e describir a literatura galega de **1916 a 1936**:<br>-Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.<br>– Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.<br>–Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.<br>§ Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.<br>§ Identificar, analizar e describir a literatura galega **entre 1936 e 1975:**<br>–Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.<br>–Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.<br>– Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.<br>§.Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.<br>§.Identificar, analizar e describir a literatura galega **de 1975 ata a actualidade**:<br>– Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>– Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>–Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>§ Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.<br>§ Analizar e comentar textos literarios. | § Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.<br>Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.<br>Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.<br>Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70.<br>.Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975<br>Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.<br>Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>.Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.<br>Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, textos ou obras completas de cada un dos períodos literarios referidos. |

**4.6.3.2. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARESDE E APRENDIZAXE AVALAIBLES**

EN RELACIÓN COS BLOQUES DE CONTIDO(DOG,NUM. 60, 27 DE MARZO DE 2017)

| BLOQUE DE CONTIDO | PORCENTAXE | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES |
|---|---|---|
| BLOQUE 2<br>LER E ESCRIBIR<br><br>COMUNICA-CIÓN ESCRITA<br><br>LER ESCRIBIR | 40,00% | LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.<br><br>LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.<br>LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.<br>LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.<br>LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.<br>LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal.<br>LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín.<br>LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos.<br>LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas. |
| BLOQUE 3 | 20,00% | LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua |
| FUNCIONA-MENTO DA LINGUA | | galega.<br><br>LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural.<br>LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras.<br>LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.<br>LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.<br>LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía adecuada.<br>LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. |
| BLOQUE 4<br><br>LINGUA E SOCIEDADE | 20,00% | LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos.<br><br>LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.<br>LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.<br>LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978).<br>LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística.<br>LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico.<br>LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua.<br>LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios.<br>LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade).<br>LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística.<br>LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego.<br>LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades.<br>LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.<br>LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. |

| | | |
|---|---|---|
| BLOQUE 5<br><br>EDUCACIÓN<br><br>LITERARIA | 20,00% | LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as da Vangarda e outros/as autores/as.<br><br>LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.<br>LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.<br>LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.<br>LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas), así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70.<br>LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.<br>LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. |

### 4.6.3.3 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

#### 6.3.3.A) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN ORDINARIOS

**6.3.3.A.1) Probas da materia:**

- **Avaliación inicial ou preavaliación:**

Realizarase unha proba inicial que inclúa un texto e cuestións de comprensión e expresión, léxico, estrutura, esquema ou resumo e pequeno comentario ou elaboración textual propia. A esta proba sumaremos todas as observacións de aula e o rexistro de intervencións, colaboración e realización das tarefas propostas.

- **Probas de avaliación:**

Realizaranse dúas probas, preferentemente unha sobre os contidos de lingua e outra cos contidos de literatura; nas avaliacións 2ª e 3ª as probas de lingua serán acumulativas ou inclusivas, é dicir, en cada unha entrarán os contidos novos máis os contidos que xa foran obxecto de exame antes. A proba de literatura será parcial, aínda que puntualmente se indicarán os contidos da avaliación anterior a repasar, que poderá ser tamén obxecto de exame.

- **Probas das obra de lectura**:

En principio o alumnado lerá un libro por avaliación e realizará as probas de control de lectura e/ou as actividades ou traballos que a profesora propoña. Estes libros obrigatorios nas avaliacións primeira e segunda e serán fixados polo profesora. Na terceira avaliación a obra será de lectura voluntaria e o alumnado poderá escoller entre tres obras propostas.

- **Proba global final:**

Realizarase unha proba global final a todo o alumnado cuxa nota significará o 25% da nota de final de curso da convocatoria de maio.

**Cada proba de Lingua e literatura representa o 40% da nota da avaliación e a da obra de lectura o 20%.**

**A nota final resultará da** a media das avaliacións 1ª e 2ª, que representará o 60% da nota final; a 3ª avaliación contará o 40% da nota final. **(75%) e o exame final (25%).**
**+1 punto a sumar polo traballo de clase a maiores.**

- **Probas de recuperación:**
  **a) Probas específicas de recuperación ao longo do curso:**

Os contidos de lingua non necesitarían unha proba específica de recuperación ( por ser probas acumulativas) nas avaliacións 2ª e 3ª; as de literatura e obra de lectura recuperaranse mediante unha proba específica. Excepcionalmente a profesora pode propoñer traballos de recuperación como alternativa ao exame de recuperación.

As notas de recuperación non se terán en conta para a media da nota de final de curso.

- **Proba de recuperación final:**

Haberá unha proba de recuperación final. Para o alumnado que non superase a materia ao longo das tres avaliacións.

- **A nota da convocatoria extraordinaria** será a obtida na proba escrita de tal convocatoria.

- **Avaliación non presencial.** No caso da avaliación non presencial, a nota da avaliación sería o resultado da presentación e avaliación das tarefas propostas (50%) e do exame telemático (50%). O exame non presencial axustarase ás condicións de realización no tempo estipulado e coa cámara activada.

As faltas de ortografía e outras incorreccións lingüísticas penalizarán con 0.1 ou 0.05 segundo sexan graves ou leves(segundo os criterios das PAAU)ata un máximo de **2 puntos** nos controis e exames de avaliación(e en tódolos escritos corrixidos e avaliados, se o/a profesor/a o estima oportuno).

**2. O seguimento na aula.**

A observación e o seguimento na aula terán en conta os seguintes aspectos que permitirán determinar a cualificación :

- Atende ós comentarios e/ou explicacións da profesora ou dos compañeiros con respecto e interese.
- Toma apuntamentos.
- Realiza correccións.
- Realiza as actividades, comentarios, ou traballos propostos na aula ou na casa no prazo estipulado.
- Responde axeitadamente ás *chamadas de clase,*sexan orais ou escritas.

Este apartado representará o **10 % da nota** da avaliación.

### 4.6.3.3 B) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIOS

Consideramos instrumentos de avaliación extraordinarios aqueles que se sumarán á nota global por:

- Participación en traballos voluntarios sobre a materia.
- Participación nas actividades propostas polo Dpto. de Lingua Galega e Literatura, Biblioteca ou polo EDLG.
- Lecturas optativas (xa mencionadas máis arriba)

Cada actividade sumará entre **0.25 – 0,5 puntos** sobre a nota acadada polos outros procedementos, tendo en conta que o máximo será **un punto** sobre a media de final de curso.

### 4.6.3.4. NOTAS FINAIS AVALIACIÓN ORDINARIA – XUÑO

A nota da **avaliación final** de xuño será a media das tres avaliacións **(75%)** e o exame final **(25%).**

As cualificacións expresaranse por medio dun número enteiro, de tal xeito que o redondeo dos decimais farase tomando o número enteiro máis próximo. (ex. 5.6 redondéase a 6). Os redondeos farémolos como segue despois de obter o aprobado (5): 5.5-Suficiente (5); 5.6, 5.7..-Ben (6) e así sucesivamente.

### 4.6.3.5. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

O alumnado que deba examinarse en **convocatoria extraordinaria** será avaliado só por o exame desa convocatoria; a **mínima nota** para aprobar a materia será **5**.

### 4.6.3.6. AVALIACIÓN DO ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 1º BACH

O alumnado coa materia pendente de 1º de bacharelato pode recuperar do seguinte xeito:

- Realiazará as actividades sobre os contidos de literatura que a profesora lle indique e e realizará unha proba sobre eses contidos de literatura no mes de novembro. A parte de lingua irase avaliando segundo o seu rendemento e resultados na clase de 2º de bacharelato. Se aprobase na primeira avaliación a parte de Lingua de 2º bacharelato, entenderase que recupera a parte de lingua de primeiro curso.
- En caso de non chegar ao 5 pola vía anterior, haberá unha proba global de recuperación de 1º de bacharelato de lingua e literatura no mes de maio (fixada pola Xefatura de Estudos).

* <u>Neste curso non hai alumnado coa materia pendente.</u>

### 4.7. CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA NAS AVALIACIÓNS:

7.A) O uso de calquera caste de **<u>medio fraudulento</u>** na realización de probas, actividades e exa- mes implicará a obtención automática dun cero (O) como cualificación na avaliación de refe- rencia, sexa esta Ordinaria ou Extraordinaria.

7.B) O alumnado que non se presente á realización dalgún control, proba ou exame do que se de- rive unha nota, deberán achegar **xustificante oficial escrito** para poder ser avaliados de novo. Esta xustificación debe presentarse debido á sospeitosa acumulación de faltas nos días de exame por parte dalgúns alumn@s. A repetición dun exame días máis tarde supón un agra- vio comparativo co resto do alumnado da clase se non se xustifica correctamente.

# 5. METODOLOXÍA

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire un maior grado de protagonismo.

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: a consecución de obxectivos curriculares a través dos contidos de currículo e o desenvolvemento de habilidades que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo colaborativo achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas aos alumnos.

### 5.1. CRITERIOS METODOLÓXICOS

No proxecto de Lingua e Literatura están presentes os seguintes criterios metodolóxicos:

- Adecuación das actividades á madureza do alumnado nas diferentes etapas educativas.
- Diversidade de propostas e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxes.
- Integración do aprendido a través da interdisciplinariedade.
- Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.
- Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.
- Aprendizaxe autónoma d@s estudantes.
- Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.
- Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.
- Fomento do interese pola aprendizaxe.
- Uso funcional da lingua.

## 6. CONTIDOS TRANSVERSAIS

Os contidos transversais traballaranse fundamentalmente a partir dos textos así como através dos diferentes apartados nos que se desgrosa a materia: Ortografía, Gramática, Léxico, Literatura, Sociolingüística, etc...

EDUCACIÓN AMBIENTAL

A partir dos distintos temas do programa pódese reflexionar sobre as consecuencias do despoboamento das zonas rurais; a contaminación nas grandes cidades e a importancia do uso dos trnasportes públicos; a reciclaxe dos residuos, etc...

EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA

Aproveitaremos as lecturas que aparecen nos manuais de texto; así como outras que lles proporcionemos nós, para analizar temas como a deshumanización na vida das grandes cidades, os problemas da emigración e a explotación laboral, etc...

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

A partir do programa de Literatura, pódese aproveitar para falar sobre as desigualdades sociais e os dereitos do individuo na sociedade, fomentar unha actitude crítica fronte aos tratamentos ofensivos presentes nela; etc...

EDUCACIÓN MULTICULTURAL

A Literatura pode servir como punto de partida para reflexionar sobre a realidade multirracial e multicultural, fomentar a tolerancia e o respecto a todas as persoas e as súas manifestacións culturais, a necesidade de convivencia de diferentes culturas no mundo actual e valorar as diferenzas entre as persoas como fonte de enriquecemento, non de conflito.

EDUCACIÓN NON SEXISTA

Pódese aproveitar o estudo do xénero no substantivo para sensibilizar o alumnado sobre a necesidade dun uso non sexista da linguaxe.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Partindo do vocabulario e das lecturas farase reflexionar o alumnado sobre aqueles hábitos que poidan ser prexudiciais para a saúde co gallo de que reflexionen sobre os seus perigos.

EDUCACIÓN PARA A TOLERANCIA E O RESPECTO

Aproveitaranse as diferentes actividades para levar a cabo unha reflexión sobre o racismo e o problema da xenofobia e debater sobre estes temas. Tratarase, así mesmo, de desenvolver o respecto polas aspiracións, gustos e afeccións dos demais así como a valoración das diferentes manifestacións artísticas e culturais.

EDUCACIÓN PARA O LECER:

Tratarase de potenciar a lectura como un hábito co que ocupar o noso tempo de lecer.

## 7. EPÍGRAFE COVID

Ante a incerta situación provocada pola COVID, desde o departamento de Lingua e Literatura Galega, propomos unha metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

1. Cando se trate dun grupo completo:

◦ No horario habitual da materia, impartirase a clase de maneira telemática

◦ As tarefas propostas indicaranse durante a docencia online e/ou colgaranse na aula virtual ou na plataforma do Clasroom.

◦ As tarefas resoltas enviaranse ao profesorado por correo electrónico.

◦ Poderán ser corrixidas mediante:

▪ clase telemática no horario da materia.

▪ corrección individualizada e posterior envío por correo electrónico.

▪ correccións globais explicativas subidas á aula virtual.

2. Cando se trate de parte do grupo:

◦ No horario habitual da materia, impartirase a clase de maneira presencial e telemática.

- Para o alumnado que acuda ás aulas, seguirase a metodoloxía habitual descrita na programación.
- Para o alumnado que non asista presencialmente; no referente ás tarefas; seguirase o procedemento descrito no apartado 1 (Grupo completo).

Metodoloxía no caso do alumnado que non poida seguir ensinanza telemática:

1. Acceso limitado a internet, unicamente: correo, aula virtual, pero non segue a clase online
   - O alumnado poderá acceder a explicacións escritas detalladas, tarefas propostas e correccións personalizadas subidas á aula virtual ou mediante o envío de dito material ao correo electrónico.
2. Sen acceso a internet

- Despois da comunicación da ausencia (total ou parcial) dos/as estudantes; tentarase (para este alumnado) nos dous días seguintes a dita comunicación, deixar impresas as explicacións detalladas, actividades propostas e actividades resoltas, desa semana:
  - En conserxería (para que o recolla alguén achegado, que non se atope en corentena)
  - Para enviarse por correo ordinario, ou a través de reparto do concello.
- Se a ausencia do grupo ou do alumnado específico, se prolonga no tempo, os luns de cada semana os estudantes terán á súa disposición este material seguindo as vías anteriores.
- As dúbidas referentes á materia poderán ser resoltas mediante vía telefónica nas horas de titoría de atención a pais e nais e/ou nas horas de xefatura de departamento.

**Avaliación non presencial.** No caso da avaliación non presencial, a nota da avaliación sería o resultado da presentación e avaliación das tarefas propostas (50%) e do exame telemático (50%). O exame non presencial axustarase ás condicións de realización no tempo estipulado e coa cámara activada en todos os cursos.

## 8. TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA E DAS TIC

Para o fomento da lectura e das TIC, desde esta materia existe unha hora específica na que se utilizarán basicamente textos da literatura e dos xornais e realizaranse actividades diversas de fomento da lectura:

A) LITERATURA

-Por regra xeral, o alumnado terá unha obra de lectura por avaliación; o profesorado tratará de seleccionar novelas ou libros de relatos axeitados á idade, con certa calidade e que poidan conectar cos intereses e gustos destes lectores. Pódense propoñer obras de lectura voluntarias, posto que terán a" hora de ler".

-O profesorado actuará tamén como divulgador das bibliotecas escolares, bibliotecas virtuais e páxinas que teñen que ver co fomento da lectura:

-http://www.edu.xunta.es/portal Portal Educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Sección Bibliotecas Escolares).

-http://www.agabel.net Asociación Galega polas Bibliotecas Escolares e a lectura.

-http://w3.cnice.mec.es/recursos2/bibliotecas Páxina de recursos para as bibliotecas escolares do Ministerio de Educación.

-http://www.sol-e.com Portal de literatura infantil e xuvenil
-http://www.filix.org Literatura infantil e xuvenil en galego

-http://www.ourizoazul.org Literatura infantil e xuvenil galega. Consellería de Cultura e Deporte.

-http://www.galix.org Galix:Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil.

-http://www.bivir.com Biblioteca virtual de literatura universal en galego. Asociación de Tradutores Galegos.

-http://bvg.udc.es/index.isp Biblioteca virtual galega. Universidade da Coruña.

http://www.cervantesvirtual.com/portal/platero Biblioteca Platero de literatura infantil e xuvenil.

Proporase que o alumnado elabore recensións e pequenas críticas sobre os fondos da biblioteca do centro, que se colgarán no blog e tamén se seleccionarán e publicarán na sección “A nosa biblioteca” da revista O Pregoeiro.

Os fondos da biblioteca do centro, concretamente os da sección GAL- e GAL-LU- convén dalos a coñecer e amosárllelos aos alumnos e ás alumnas a través de:

-exposicións (novidades, temáticas, por xéneros,…)

-campañas de fomento da lectura, en coordinación coa profesora encargada da biblioteca e co ENDL, Concello,…

A radio: tentarase a colaboración de grupos de alumnos e alumnas na radio local. Prepararanse sesións que teñan como eixo temático os libros.

B) O XORNAL

Fomentarase a lectura e a consulta de xornais e revistas entre o alumnado através de tarefas puntuais e/ou como recurso de información e lecer. Tanto o xornal escolar da páxina da Xunta como outros xornais e revistas en versión papel ou dixital, por exemplo:

***Praza Pública***: http://praza.gal/

***Sermos Galiza***: http://www.sermosgaliza.gal/

***Galicia Confidencial***: http://www.galiciaconfidencial.com/

***Tempos Novos*** (Protexta), ***Grial, A Trabe de Ouro***.

**Revistas dixitais:** http://palavracomum.com/

https://biosbardia.wordpress.com

http://montsedopico.com/

Tanto os fondos biliográficos do centro como os recursos dixitais utilizaranse para propor ao alumnado pequenos traballos guiados que se presentarán ben en papel ou cartolina, ben en formato dixital (presentacións, vídeos...).

Continuaremos coa actividade Os nosos escritores, de tal que xeito que habemos procurar que escritores galegos lidos polo alumnado visiten o noso centro para falar das súas obras.

O Departamento de Lingua Galega colaborará coas iniciativas que propoña a profesora encargada da biblioteca ou outros departamentos como o de castelán a prol do fomento da lactura (Día do Libro, Día da Poesía,…), club de lectura,…

Fomentarase o gusto pola lectura a través dos clubs de lectura e/ou das tertulias literarias que organizan o concello de Allariz e o de Ourense.

Para o tratamento das TIC contamos tamén co libro dixital e con outras páxinas de interese (das cales algunhas xa foron expostas máis arriba):

**Webs máis xerais:**

**https://www.ogalego.eu**

http://www.culturagalega.org

http://www.letraenobras.com/,

http://www.biblosclube.com/,

http://www.fervenzasliterarias.com/

http://www.asega-critica.net/

**Asociacións:**

http://www.aelg.org/

http://www.editoresgalegos.org/

**Editoriais:**

http://www.editoresgalegos.org/

http://www.xerais.es/

http://www.editorialgalaxia.es/

http://urcoeditora.com/

http://www.rinoceronte.es/

## 9. RECURSOS DIDÁCTICOS E MATERIAIS CURRICULARES

Durante este curso escolar 2019-2020 mantemos os mesmo **libro de texto** quedando do seguinte xeito:

- 1º ESO: ***Lingua galega e literatura 1***. Editorial Anaya. ISBN 978-84-678-5179-3 Data Autoriz. 2015
- 2º ESO: ***Lingua galega e literatura 2***. Editorial Anaya. ISBN: 978-84-698-1048-4 Data Autoriz. 2016
- 3º ESO: ***Lingua galega e literatura 3***. Editorial Anaya. ISBN 978-84-678-5332-2
- Data Autoriz.2015
- 4º ESO: ***Lingua e literatura 4***. Editorial Anaya. ISBN 978-84-698-1252-5 Data Autoriz. 2016
- 1º BACH: ***Lingua galega e literatura 1***. Editorial Anaya. ISBN 978-84-678-5179-3 Data Autoriz. 2015
- 2º BACH: ***Lingua galega e literatura 2***. Editorial Anaya. ISBN 978-84-678-5179-3 Data Autoriz. 2015

Contamos ademais cos seguintes materiais de apoio que poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:

- Os recursos fotocopiables da Proposta didáctica, que recollen lecturas complementarias; actividades de reforzo e de ampliación; material para o desenvolvemento das competencias; fichas de autoavaliación e a Adaptación curricular.

- O libro dixital.
- A web: ***ogalegoeu*** na que poderán reforzar e ampliar contidos e exercicios de todos os
- niveis educativos
- As programacións didácticas en **anayaeducacion.es**
- Os cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Os cadernos de carácter didáctico monográficos (Deseño de rúbricas e Avaliación externa) e de estratexias metodolóxicas (Portfolio e Aprendizaxe cooperativa).
- O blog do club de lectura e da biblioteca.
- Os blogs e páxinas que ofrece a rede con recursos para a lingua e a literatura.
- Os libros de lectura propostos e os fondos da biblioteca do centro e da biblioteca de alula.
- Dicionarios en papel ou na rede.

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Descrición do grupo despois da **avaliación inicial** .

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos

curriculares.

- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

A **avaliación inicial** facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- ✔ Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- ✔ Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- ✔ Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- ✔ Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- ✔ Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- ✔ Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

**Medidas de Atención á Diversidade no AE**

Haberá un agrupamento específico en 1º ESO e outro en 2º ESO. En 3º ESO e 4º ESO dividiranse os grupos de Académicas (2 grupos por nivel) e Aplicadas (1 grupo por nivel). Atenderase o alumnado coa exención na materia tanto en BACH como na ESO en colaboración co Departamento de Orientación.

- <u>En canto á metodoloxía e actividades:</u>

* Procurar actividades abertas que supoñan distintos niveis de dificultade.
* Propoñer actividades que impliquen participación, uso de materiais distintos dos libros de texto.
* Atención específica tanto para os que teñen un ritmo máis rápido como para os que presentan máis dificultades.
* Propoñer actividades para realizar en pequeno grupo, sempre que fose posible variando o número de integrantes e a composición do equipo, con distinto grao de autonomía.
* Ter en conta ó alumnado desmotivado buscando actividades relacionadas cos seus intereses ou coa realidade que lles afecta.
* Ter información actualizada sobre as historias de aprendizaxe do alumnado, características e circunstancias persoais, etc., a través do titor/a.
* Interactuar co alumnado dende un clima de aceptación capaz de favorecer a súa autoestima.

- <u>Respecto aos contidos:</u>

* Establecemento de contidos mínimos para o alumnado con difilcutades.
* Resituar os contidos transversais pola súa relevancia en canto á motivación do alumnado e a conexión coa realidade que propician.

- <u>En canto á avaliación</u>:

Concebir a avaliación como situación de aprendizaxe non só como comprobatoria. Nesta liña:
* Corrixir e comentar as probas na aula e orientar os traballos despois da súa revisión.
* Adicar tempo das sesións de clase para traballar aqueles aspectos nos que se aprecian dificultades.
* Utilización de instrumentos de avaliación diversos.

No **alumnado exento** haberá que diagnosticar o seu nivel competencial e adecuar actividades factiblesque faciliten progresivamente a inmersión na lingua ou ben o desenvolvemento competencial.

## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS OU EXTRAESCOLARES

Prevese:

- Continuar cos **clubs de lectura** de 1º e 2º ESO e coas **tertulias literarias que debido ao confinamento quedarán reducidas ao concello de Allariz** para 4º ESO e 1º e 2º BACH, con reunións nos recreos.

E, se for posible, continuaríase coas actividades realizadas o ano anterior

- **Asistencia a actividades culturais de interese** (como poden ser representacións teatrais, visitas a exposicións ou museos,...) en Allariz, Ourense e mesmo fóra da provincia se for posilbe.
- **Encontros cos nosos escritores e escritoras.** Continuando coa actividade de cursos anteriores procuraranse encontros do alumnado cos escritores e escritoras galegas en coordinación coas propostas do Equipo de Biblioteca e/ou concello.
- **Roteiros literarios** se for posible.
- **Celebración das Letras Galegas** en colaboración co EDLG.
- **Colaboracións.**

O profesorado deste departamento participará activamente nas actividades propostas ou organizadas polo EDLG, Equipo de biblioteca, vicedirección, Concello, ou outros departamentos, as cales se consideren de interese para o alumnado, como se vén facendo de anos atrás por exemplo na celebración dos maios ou no concurso literario *Falando de Solidariedade.*

## 12. COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Lingua galega e literatura está integrado durante este curso escolar polas seguintes profesoras:

- **Mª Belén Gómez Barril,** xefa de estudos, que impartirá Lingua galega e Literatura en 2º BACH (6 horas)
- **Mª Eva Méndez Fernández,** xefa de Departamento, que impartirá Lingua galega e Literatura en 1º BACH (6 horas), 1º ESO (12 horas)
- **Mª Dolores Cid Cid**, que impartirá Lingua galega e Literatura en 3º ESO (9 horas), en 4º ESO(9horas) e que completa con Segunda lingua estranxeira Português de 1º ESO (2 horas).
- **Mª Pilar Pereira Ortega**, profesora do departamento de Latín que completa horario impartindo Lingua galega e Literatura en 2º ESO (9 horas)

## 13. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

En cada unha das reunións de departamento pódese plantexar para ir tomando nota puntualmente dos aspectos a corrixir ou mellorar ao longo do curso. Ao final de curso avaliarase con miras ás melloras do seguinte curso académico.

ASPECTOS A AVALIAR

A DESTACAR… A MELLORAR… PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL

Pódense empregar os seguintes indicadores de logro:

| **INDICADORES** | **VALORACIÓN** | **PROPOSTA MELLORA** |
|---|---|---|
| Realiza avaliación inicial para axustar o programado ao nivel do alumnado. | | |
| Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica. | | |
| Revisa con frecuencia os traballos propostos na aula e | | |
| fóra dela. | | |
| Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas. | | |
| Corrixe e explica de forma habitual e dá pautas para a mellora das aprendizaxes. | | |
| Utiliza suficientes criterios de avaliación que atenden de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos. | | |

| | | |
|---|---|---|
| Favorece os procesos de autoavaliación. | | |
| Propón actividades de comprobación, repaso ou reforzo. | | |
| Propón actividades de maior nivel cando os obxectivos básicos xa foron acadados. | | |
| Informa dos criterios e procedementos de avaliación, así como dos resultados aos estudantes . | | |

Allariz, 7 outubro de 2020

**Asdo. :**

**Mª Belén Barril Gamonal**
profesora de 2º Bac

**Mª Dolores Cid Cid**,
profesora de 3º, 4º de ESO

**Mª Pilar Pereira Ortiz**
profesora de 2º de ESO

**Mª Eva Méndez Fernández**,
Xefa de Departamento e profesora de 1º ESO e 1º BACH